

O idioma galego na sociedade

Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega
O idioma galego na sociedade : a evolución sociolingüística 1992-2008 / Observatorio da Cultura Galega ; [Henrique Monteagudo, director]. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2011. — 92 p. ; 28 cm. — (Documentos e informes ; 19)
D.L. C 3178-2011. — ISBN 978-84-92923-27-4
1. Lingua galega-Usos lingüísticos. 3. Lingua galega-Aspectos sociais. 3. Sociolingüística-Galicia-Estadísticas. I. Monteagudo Romero, Henrique

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2011
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Henrique Monteagudo (director)
Puri Carballo
Håkan Casares Berg
Carlos Neira Cortizas

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Realización

Ludica7

Depósito Legal: C 3178-2011

ISBN 978-84-92923-27-4

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

O idioma galego na sociedade

A evolución sociolingüística 1992-2008



(di)

documentos & informes

Presentación

O coñecemento e a análise da realidade de Galicia, tamén da súa circunstancia lingüística, foi un dos vectores que impulsaron e seguen activando a tarefa do Consello da Cultura Galega desde a súa creación en 1983. Dese compromiso dan fe as realizacións, as propostas e as publicacións que foron xurdindo como resultado dun traballo continuado e sistemático. Dunha parte, coas publicacións e as iniciativas da Sección de Lingua e do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia no tocante aos estudos de índole sociolingüística, á planificación e á normalización da lingua propia de Galicia. Doutra, o importante complemento das achegas e as sistematizacións estatísticas elaboradas polo Observatorio da Cultura Galega. En ambos os dous casos cunha importante presenza divulgativa, e interactiva, a través da Rede, por onde flúen os resultados do conxunto das actividades do Consello da Cultura Galega.

O idioma galego na sociedade: A evolución sociolingüística 1992-2008 vén a ser un novo exemplo dese compromiso de pensamento e acción realizado polo noso Observatorio da Cultura Galega con criterios e técnicas estatísticas. A publicación que agora presentamos analiza a situación sociolingüística e as expectativas e os cambios que adoitan acompañala e, en boa medida, condicionala. Complementando a publicación previa, *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, nesta ocasión recóllense, ademais, os datos da Enquisa de condicións de vida das familias e o seu módulo específico «Coñecemento e uso do galego», incluído no Plan galego de estatística 2002-2006 do Instituto Galego de Estatística, ao que debo agradecer a súa sincera colaboración institucional.

O Consello da Cultura Galega, institución estatutaria con funcións de alta asesoría en materia cultural e, xa que logo, sociolingüística, cumpre así co mandato de «fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego» no cambiante escenario deseñado e determinado polos desafíos socioeconómicos, culturais e tecnolóxicos do século XXI. Faino, neste caso, cunha radiografía da situación do galego que pescuda os datos que informan as variables lingua habitual, lingua inicial, competencias lingüísticas e ámbitos de uso.

Trátase de estudar e coñecer para actuar decidida e axeitadamente sobre a realidade e os horizontes do máis importante patrimonio común, creación colectiva que nos une e define. Velaí un dos compromisos que sinalan os obxectivos da primeira institución cultural de Galicia ao servizo dunha sociedade aberta, autónoma e consciente da importancia da xestión e da utilización dos seus recursos e das posibilidades que delas derivan no marco da diversidade lingüística e cultural.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

documentos & informes

Índice

6 PRESENTACIÓN

11 INTRODUCCIÓN

15 I. LINGUA HABITUAL

- 17 Resultados globais
- 22 Resultados por idade
- 29 Resultados por sexo
- 29 Resultados territoriais
- 35 Lingua habitual e vitalidade do galego

39 II. LINGUA INICIAL

- 41 Resultados globais
- 44 Resultados por idade
- 46 Resultados por sexo
- 47 Resultados territoriais

51 III. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

63 IV. ÁMBITOS DE USO DO GALEGO

- 65 Uso do galego na escola
- 73 O galego no ámbito familiar
- 76 O galego noutros ámbitos sociais
- 82 O galego no ámbito laboral
- 84 Preferencia do idioma nos medios de comunicación

89 V. CONCLUSIÓNS

INTRODUCCIÓN

O presente informe pretende dar conta da evolución das principais variables sociolingüísticas en Galicia nos últimos anos. Un dos obxectivos principais do traballo é contribuír á creación dunha serie de publicacións que obteñan unha radiografía da evolución do galego ao longo do tempo a partir de fontes de información fiables e homoxéneas.

A Lei 9/1988, de estatística de Galicia, modificada pola Lei 7/1993, estableceu o marco legal que regula e desenvolve a actividade estatística en Galicia co obxectivo de obter información suficiente, fiable e comparable da realidade económica, social e demográfica da Comunidade Autónoma. Nesa Lei institúese o Plan galego de estatística como o instrumento da ordenación e planificación desta actividade. A finais da década de 1990, o Instituto Galego de Estatística (IGE) decidiu incluír variables sociolingüísticas nos seus estudos propios. Ata ese momento, os únicos datos oficiais que podían dar unha idea da situación eran os ofrecidos polo Censo de poboación e vivendas. Esa operación estatística ten unha periodicidade de dez anos, e publícase nos anos rematados en 0 dende 1900 e nos rematados en 1 dende 1981. O primeiro censo que recolle información de carácter sociolingüístico é o de 1991, pero unicamente relacionada coas competencias lingüísticas. Os Censos ofrecen unha información moi importante, pois abranguen a totalidade de poboación censada, pero superficial, pois, tendo en conta a extensión do cuestionario, só poden incluír poucas preguntas sobre o idioma.

Tendo en conta esas limitacións, a través da Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001¹, decidiuse abordar o estudo da realidade sociolingüística de Galicia dentro dos denominados «Indicadores sociais e condicións de vida», que formaban parte dos obxectivos centrais do Plan. Esta estratexia estaba baseada na necesidade de obter información sobre características socioeconómicas dos fogares galegos de dous tipos. Unhas de carácter xeral, que incluían variables básicas que necesitan dunha periodicidade anual de recollida de información e outras máis específicas dedicadas a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución. Nestas últimas incorporouse o módulo específico de «Coñecemento e uso do galego», de periodicidade quinquenal. A operación estatística resultante pasouse a denominar «Enquisa de condicións de vida das familias» (ECVF) e o módulo específico fíxose realidade no Plan de estatística 2002-2006.

Cando se decidiu acometer o traballo de campo e a realización do cuestionario, o IGE solicitou o asesoramento do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (RAG). No grupo de traballo que se constituíu decidiuse que o obxectivo principal tería que ser deseñar unha investigación que permitise obter unha serie estatística partindo do traballo que a RAG iniciara ao comezo da década de 1990, coñecido como o *Mapa sociolingüístico de Galicia*, un estudo cuantitativo con máis de 38 000 entrevistas, no que se facía unha descrición pormenorizada da situación sociolingüística en catro dimensións: lingua inicial, competencia, usos e actitudes lingüísticas. A principal dificultade veu dada pola

¹ DOG n.º 154 do 12 de agosto 1997.

imposibilidade de incluír preguntas actitudinais, dado que o IGE non realiza estudos de opinión. Foi por este motivo polo que se deseñou un cuestionario novo, no que se mantiveron intactas as preguntas máis relevantes, retocáronse aquelas que se revelaran pouco esclarecedoras da realidade que se pretendía explorar e elimináronse ítems improdutivos. Unha vez realizado o traballo de campo (2003) procedeuse a adiantar algúns resultados. O Consello da Cultura Galega propúxolle entón ao IGE unha colaboración que permitise unha análise detallada dos resultados partindo dos microdatos orixinais, harmonizándoos no posible cos obtidos pola RAG. Para isto promoveuse a creación dun grupo interdisciplinar, no marco da denominada Comisión Técnica de Lingua e Sociedade, que redactou o informe *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*². Naquel traballo tentouse ofrecer unha panorámica da situación e, ademais de atender as variables normais deste tipo de estudos, realizar unha análise do galego na escola, outra no ámbito do traballo así como un capítulo para estudar os hábitos dunha submostra das clases medias urbanas.

O presente informe pretende dar continuidade aos traballos anteriores, a partir da segunda edición do módulo específico. Dende o punto de vista metodolóxico, a principal achega consiste en harmonizar os datos das tres fontes, xa que a publicación dos resultados de 2008 (presentados en 2010) supuxo unha corrección dos datos de 2003, para poder establecer comparacións. Polo mesmo motivo, tamén foi necesario acoutar diferentes universos con respecto dos datos do MSG.

No primeiro capítulo desta publicación abórdase unha análise da lingua habitual a partir do cruzamento con variables demográficas básicas e préstase unha especial atención á idade. No segundo capítulo tratamos dun xeito similar a variable de lingua inicial ou materna. O terceiro capítulo recolle os resultados principais da competencia lingüística nas súas distintas destrezas. O último capítulo, de máis difícil homoxeneización, recolle datos de uso do galego en distintos ámbitos atendendo, sobre todo, á evolución dos indicadores no último lustro de referencia.

A maioría das análises que ofrecemos resultan algo máis simples que as publicadas no primeiro libro da serie, en boa medida polos resultados que obtiveramos daquela. Á marxe dos resultados, interpretables dende distintos puntos de vista, a achega principal que ofrecemos é unha análise da vitalidade do galego coa utilización de fontes o suficientemente fiables e amplas como para poder tirar conclusións realistas. A explotación e estudo destas fontes garante que no futuro se sigan a facer operacións estatísticas deste tamaño que permitan coñecer dun xeito empírico a realidade social do galego.

² *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2005.

I. LINGUA HABITUAL

Resultados globais

A comparación dos resultados dos principais estudos sociolingüísticos realizados en Galicia revela que a porcentaxe de monolingües en castelán se estabilizou en niveis próximos ao 19% dende 2003³. Mentres a Enquisa de condicións de vida das familias do ano 2003 (ECVF03) rexistraba un 18,3%, o traballo presente devolve unha porcentaxe do 19,5%. Este límite do 20% contrasta fortemente co dato ofrecido en 1992 polo *Mapa sociolingüístico de Galicia* (MSG92), que era do 10,6%, o que indica que a variación na magnitude deste grupo que o leva a duplicar o seu peso na poboación produciuse durante os 11 anos que van de 1992 a 2003, e mantense aproximadamente constante dende entón. Isto parece indicar unha contención importante nun colectivo que crecía dun xeito imparabile.


Pola súa banda, a categoría «máis castelán ca galego» aumentou lixeiramente dende o 18,2% da ECVF03 até o 21,7% da Enquisa de condicións de vida das familias do ano 2008 (ECVF08), aínda que en 1992 partía dun 20,8%. A tendencia parece ser minguantante até 2003, mentres que se incrementaba o grupo dos monolingües en castelán, e crecente e sostida dende entón, unha vez estabilizado o nivel daqueles. En calquera caso, as diferenzas son mínimas e á vista da marxe de erro das enquisas non cabe realizar maiores interpretacións.

A comparación para a categoría de persoas bilingües que usan «máis galego ca castelán» amosa que do 29,9% que aparecía no MSG92 se baixaría máis de dez puntos até ao 18,8% que ofrecía a ECVF03, para subir de novo ao 27,2% da mesma fonte, pero na súa edición de 2008. Nesta aparente evolución en «U» desempeña un papel importante a ECVF03, que presenta porcentaxes sensiblemente inferiores ás demais fontes. De non termos en conta eses valores, as porcentaxes recentes serían apenas un pouco máis baixas ca as do punto de partida.

En último lugar, o grupo dos monolingües en galego traza unha evolución descendente. Do 38,7% de 1992 sobe seis puntos até ao 44,7% na ECVF03, no que parece ser claramente a contrapartida do valor anómalo detectado na categoría de resposta anterior para esta mesma fonte. A evolución comparada amosa que a enquisa de 2003 presentaba un máximo na porcentaxe de monolingües en galego á conta de empequenecer a de bilingües de maioría en galego, tendo como efecto derivado o incremento das porcentaxes de monolingües en calquera idioma en detrimento das persoas bilingües. Se relativizamos o significado dos datos de 2003, a ECVF08 en 2008 amosa porcentaxes do 31,6% para os monolingües en galego, cifras coincidentes nunha evolución á baixa dende 1992 que contrastan coas obtidas en 2003.

³ Excepto advertencia en sentido oposto, todas as porcentaxes da nosa enquisa que se refiren no texto obvian a pequena fracción da poboación que declarou que realiza un uso equitativo de galego e castelán (unha resposta non lida na aplicación do cuestionario).

Lingua habitual (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Lingua habitual (1992-2008)


	1992	2003	2008
Só galego	38,7%	44,7%	31,6%
Máis galego ca castelán	29,9%	18,8%	27,2%
Máis castelán ca galego	20,8%	18,2%	21,7%
Só castelán	10,6%	18,3%	19,5%
As dúas por igual			

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

A comparación real das fontes nos dous puntos máis afastados amosaría a evolución dos maiores de 15 anos⁴ ao longo do período.

⁴ O universo do MSG92 son os residentes en Galicia maiores de 15 anos.

Evolución da lingua habitual dos maiores de 15 anos (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Neste caso podemos ver que a caída de uso do galego é sensiblemente inferior, prodúcese un aumento unicamente entre os monolingües en castelán á conta do resto de categorías.


É habitual nas enquisas de carácter sociolingüístico realizadas en Galicia agrupar as diferentes categorías de resposta en grupos máis amplos e tamén atribuír a cada grupo unha puntuación que, ponderada polo seu peso no total, permita obter un indicador do nivel de uso do galego. A seguir comentamos os principais resultados tras realizar este exercicio.

Existen dúas posibilidades de agregación diferentes das catro categorías de resposta primarias. Unha reúne os grupos que utilizan maioritariamente un idioma e confronta, por tanto, as porcentaxes de persoas que falan só ou maioritariamente galego coas súas homólogas en lingua castelá. Este xeito de contabilizar non presupón unha separación entre os usuarios dun e doutro idioma, pero si é certo que contribúe a visualizar unha separación un tanto artificiosa. Por iso, os resultados desta agregación deben ser interpretados cunha certa cautela.

As cifras amosan que o colectivo de persoas que usan só ou máis galego segue a ser o maioritario entre a poboación adulta, mais tamén que vén diminuíndo o seu peso de forma gradual dende 1992. É posible que esta redución presente algunha oscilación, como no caso da ECVF08, mais o relevante da evolución temporal deste grupo dende 2003 é que, independentemente da fonte que se tome como referencia para os momentos posteriores, o proceso de castelanización da poboación proseguiu durante os últimos anos.

A evolución do grupo de persoas que usan só ou máis castelán é loxicamente a complementaria: crecemento dende 1992, cun comportamento máis estable a partir de 2003.

Lingua habitual predominante (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008


Lingua habitual predominante (1992-2008)

	1992	2003	2008
Máis galego ou só galego	68,6%	63,5%	58,8%
Máis castelán ou só castelán	31,4%	36,5%	41,2%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

A outra forma de agrupar as respostas é a que confronta as persoas que só falan sempre un idioma, quer galego quer castelán, coas que usan ambos os idiomas independentemente de cal sexa a frecuencia dun e doutro. Nesta perspectiva a conclusión é, salvando o dato da ECVF03, aparentemente ocasionada por un corremento dunha porcentaxe significativa de bilingües de maioría en galego cara aos monolingües en galego, que a proporción de monolingües e bilingües en Galicia é estable ao longo de todo o período.

Evolución dos usos bilingües (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2008


Se enfocamos a nosa intención nun indicador sintético do uso do galego, o cálculo da media resultante de atribuír un valor a cada categoría de resposta⁵ pon de manifesto a continuidade do fenómeno de perda de uso do galego nos últimos anos.

A intensidade do retroceso é a que pode estar en cuestión porque, como se viu, o dato medio correspondente ao 2003 está vinculado a un peso estrañamente grande do colectivo de monolingües en galego, o que eleva o valor medio do indicador para ese ano.

Desta disquisición depende a resposta de se o proceso de castelanización avanzou con maior ou menor intensidade dende 1992 a 2003 ou de 2003 á actualidade. Certo é que a comparación dos dous datos da única fonte que se repite, a da ECVF, parece indicar unha aceleración do proceso de perda de uso do galego nese período de 5 anos que vai de 2003 a 2008, aínda que a contemplación conxunta de todos os datos apunta, en todo caso, no sentido dun retroceso sostido e continuo.

⁵ Séguese a convención empregada tanto no MSG92 como en *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, *op. cit.*, consistente en outorgarlle un valor 4 aos monolingües en galego e 1 aos monolingües en castelán, con valores intermedios de 3 e 2 segundo as persoas bilingües empreguen máis o galego ou o castelán.

Indicador sintético de uso do galego (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Resultados por idade

Nunha análise da lingua habitual por intervalos de idade constatamos que o grao de castelanización (entendido como a porcentaxe de uso do castelán entre a poboación) non é nada homoxéneo.

En primeiro lugar, cabe sinalar que existe un maior grao de castelanización canto menor é a idade do individuo, sendo este fenómeno unha constante posta de manifesto en todos os estudos sociolingüísticos realizados en Galicia nas últimas décadas.

Mais, en segundo lugar, os datos amosan outro fenómeno que se observou tamén nalgúns estudos específicos sobre lingua. Estamos a falar da desaceleración no proceso de perda de usuarios do galego entre a mocidade, que algunhas fontes presentan mesmo como estabilización ou recuperación, dependendo do intervalo de idades que se utilice para clasificar a mocidade e a xuventude.

Os datos en bruto, agrupados nas catro categorías habituais, amosan os seguintes resultados:

Lingua habitual segundo a idade (1992-2008)


		1992	2003	2008
En galego sempre	De 5 a 14 anos		27,1	15,26
	De 15 a 29 anos	24,66	28,49	18,59
	De 30 a 49 anos	33,14	36,63	22,06
	De 50 a 64 anos	46,95	51,16	34,26
	De 65 ou máis anos	58,07	66,11	52,9
Máis galego ca castelán	De 5 a 14 anos		13,23	20,87
	De 15 a 29 anos	24,68	17,25	24,37
	De 30 a 49 anos	34,57	20,17	26,59
	De 50 a 64 anos	32,62	21,91	32,67
	De 65 ou máis anos	26,34	15,76	25,6
Máis castelán ca galego	De 5 a 14 anos		25,5	34,28
	De 15 a 29 anos	33,63	28,72	31,58
	De 30 a 49 anos	21,56	21,39	26,87
	De 50 a 64 anos	13,58	13,42	17,3
	De 65 ou máis anos	9,82	7,6	10,52
En castelán sempre	De 5 a 14 anos		34,17	29,59
	De 15 a 29 anos	17,03	25,55	25,47
	De 30 a 49 anos	10,73	21,81	24,48
	De 50 a 64 anos	6,85	13,51	15,77
	De 65 ou máis anos	5,78	10,53	10,98

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Nesta táboa podemos apreciar a heteroxeneidade de que falabamos. Para comezar, non podemos comparar os resultados dos menores de 16 anos nas tres enquisas porque o MSG92 carecía de suxeitos tan novos. Se observamos os cortes de cada ano poderíamos ver unha certa estabilización na categoría de «só galego» nas enquisas de 2003 e 2008, algo que non se apreciaba en 1992.

A continuación preséntanse dúas gráficas en que se comparan os datos das dúas ECVF cos datos do MSG92.

Porcentaxe de persoas que falan só galego segundo idades




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Como podemos ver, hai unha pequena estabilización, sempre comparando as porcentaxes coas da xeración precedente, máis obvia en 2003 ca en 2008⁶. O anterior constata que existe como mínimo unha desaceleración do proceso de perda de uso do galego, algo que non se podía ver en 1992.

Para unha apreciación máis precisa do fenómeno, pero contando con marxes de erro maiores, podemos visualizar a evolución interxeracional da última referencia temporal para grupos de idade quinquenais.

⁶ Lembremos a alta incidencia de monolingües na ECVF de 2003.

Lingua habitual por idades (2008)




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Neste caso pódese apreciar unha pequena recuperación dos monolingües en galego e mesmo unha pequena baixada dos monolingües en castelán en consonancia co achado constatado máis arriba sobre a aparente estabilización deste grupo (malia que en porcentaxes moi pequenas). Nesta análise desbótanse os cortes das idades máis baixas, que, como veremos, exercen un efecto de arrastre á baixa, facendo menos visible o fenómeno que describimos.

Unha forma máis apreciable, xuntando as categorías de galego e castelán, tal e como fixemos con anterioridade, mostra o seguinte resultado:

Lingua habitual por idades (2008)




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Aquí podemos ver un punto de inflexión bastante claro arredor dos individuos de 40 anos, seguindo despois a evolución de estabilización e caída nos individuos máis novos. Como veremos no apartado referido ás competencias lingüísticas, atopamos unha relación importante entre a adquisición do galego na escola e a lingua habitual, o cal podería explicar esa caída no uso do galego entre os máis novos e a eventual recuperación conforme avanza a idade dos entrevistados.

Esta caída no uso do galego entre os máis novos ten unha incidencia especial entre os monolingües en galego, de xeito paralelo ao total da poboación, pero cunha incidencia sensiblemente maior.

Monolingües en galego en tres tramos de idade 2003-2008




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Para poder corroborar a perdurabilidade do fenómeno de desaceleración da perda do galego nos tramos de idade comparables e obviando os suxeitos máis novos das dúas enquisas, podemos superpoñer os resultados asignando datas de nacemento dos suxeitos en función das idades que tiñan no momento de facérselles a enquisa.

Na gráfica de abaixo podemos apreciar a coincidencia dos resultados, unha desaceleración semellante na perda do galego e o mesmo punto de inflexión, situado nos suxeitos que naceron entre 1968 e 1973.

Lingua habitual segundo data de nacemento 2003-2008



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Nesta análise por grupos quinquenais de idade pódese observar que a xeración máis castelanizada da nosa historia localízase entre os 25 e 35 anos, e entre os 30 e 40 a que é monolingüe en castelán en maior medida. Fronte a elas os menores de 25 anos virían a recuperar o uso do galego e a reducir o nivel de monolingüismo en castelán, ambos os fenómenos pola vía do aumento nestas idades mozas dos colectivos bilingües.

Non obstante, a continuidade no tempo deste fenómeno de estabilización do uso do galego ou da súa eventual recuperación parece cando menos dubidosa, xa que os datos das ECVF reflicten para o tramo de idades de 5 a 14 anos unha tendencia novamente descendente do nivel de uso do galego. Aínda que poden seguir a existir diverxencias entre a ECVF e outras fontes que investigaran esa faixa de idades, e aínda que o nivel de uso do galego nesta etapa escolar está suxeita a múltiples factores e, en especial, á competencia lingüística, todo apunta á continuidade dun retroceso cuxa intensidade en todo caso si pode ser discutida⁷.

O sentido das diferenzas existentes entre unha e outra fonte actúa no mesmo sentido en que antes vimos que se podía estar a producir unha apreciación errada por parte dos informantes con respecto á lingua ou linguas faladas polos fillos. Isto lévanos a formular a seguinte hipótese: no suposto de que a maioría das persoas de referencia na ECVF pertencen ás xeracións intermedias podería verificarse que os seus integrantes infravaloren o galego que usan os mozos ao mesmo tempo que sobrevaloran o que usan os vellos.

En calquera caso, e a modo de recapitulación, o número dos monolingües en galego reduciuse entre 2003 e 2008 e a súa importancia é menor canto menor é a idade dos individuos. O colectivo dos bilingües de maioría en galego tería aumentado entre 2003 e 2008. Neste caso tamén é menor a importancia deste colectivo canto menor é a idade, pero as diferenzas entre os diferentes intervalos de idade son menores que no caso anterior, presentando unha maior estabilidade. O grupo que emprega máis o castelán ca o galego aumenta o seu peso canto menor é a idade en que nos movemos. Con respecto a 2003, a ECVF08 presenta porcentaxes superiores en todos os tramos, especialmente nos nenos de 5 a 14 anos, no que desaparece por completo o devalo que se tiña rexistrado na ECVF03. Onde máis coinciden as enquisas é á hora de cuantificar o grupo dos monolingües en castelán. Hai máis monolingües en castelán canto menor é a idade e a única discordancia vén dada pola estabilidade ou retroceso, aparentemente temporal, do seu número entre os 15 (18) e os 29 anos. A seguinte edición do módulo de uso e coñecemento do galego da ECVF, previsto para 2013, debería permitir corroborar esta aparente desaceleración.

⁷ Esta constatación de fenómenos de ciclo curto coloca sobre a mesa a necesidade de avaliar o impacto que sobre o nivel de uso do galego poden ter determinados fenómenos de carácter diverso –económicos, políticos, sociais ou relativos a determinados momentos na vida das persoas (primeiro fillo, acceso e/ou consolidación da posición no mercado de traballo etc.).

Resultados por sexo

A evolución das estatísticas mostra que as diferenzas na lingua habitual por sexo se concentran en dúas categorías de resposta que non son nin contiguas nin simétricas. Houbo e hai significativamente máis homes ca mulleres na categoría de persoas bilingües que usan máis o galego ca o castelán e máis mulleres ca homes na categoría de persoas monolingües en castelán.

Lingua habitual por sexo (1992-2008)

		Home	Muller
Só galego	1992	38,7%	38,7%
	2003	45,9%	43,5%
	2008	32,2%	31,0%
Máis galego ca castelán	1992	32,7%	27,5%
	2003	21,0%	16,8%
	2008	29,1%	25,5%
Máis castelán ca galego	1992	20,4%	21,1%
	2003	17,4%	19,0%
	2008	21,1%	22,3%
Só castelán	1992	8,2%	12,7%
	2003	15,7%	20,8%
	2008	17,6%	21,2%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Os datos indican que as diferenzas entre sexos no nivel de uso do galego tenden a aumentar co paso do tempo. Especial importancia reviste o feito de que entre as persoas monolingües en castelán se conten xa segundo a nosa enquisa aproximadamente tres mulleres por cada dous homes ou que entre 1992 e 2009 a porcentaxe de mulleres monolingües en castelán se teña practicamente duplicado. Ambos os resultados obrigan a considerar importantes todos os factores que relacionan as cuestións de xénero co proceso de castelanización.

Resultados territoriais


A última comparación que establecemos atinxe ao tipo de hábitat das persoas entrevistadas, definido este polo tamaño poboacional do concello de residencia.

O contraste entre os resultados das ECVF dos anos 2003 e 2008 evidencia un avance desigual do proceso castelanizador, concentrado de forma case exclusiva nos concellos pequenos (menos de 10 000 habitantes) e medianos (entre 10 000 e 50 000 habitantes) e detido practicamente nas cidades.

Segundo esta mesma fonte do IGE, as diferenzas no nivel de uso do galego son notables entre os concellos coa poboación máis reducida e as cidades, onde o castelán é maioritario. Ao mesmo tempo, os concellos de tamaño medio posuirían un nivel de uso moi semellante, xusto a medio camiño entre concellos grandes e pequenos, cun valor do indicador próximo ao punto de equilibrio entre castelán e galego (2,5 puntos).

Neste sentido, non se rexistran grandes diferenzas dentro dos concellos medianos, independentemente de se o seu tamaño se aproxima máis aos concellos pequenos ou aos grandes.

Indicador sintético de uso do galego por tamaño de municipio (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Lingua habitual por tamaño de municipio (1992-2008)

		<=10 000	10-20 000	20-50 000	>50 000
		hab.	hab.	hab.	hab.
Só galego	1992				9,1%
	2003	71,7%	47,5%	39,4%	15,3%
	2008	54,5%	28,8%	23,7%	11,2%
Máis galego que castelán	1992				28,6%
	2003	15,9%	19,1%	20,7%	19,4%
	2008	28,8%	32,6%	28,4%	21,3%
Máis castelán que galego	1992				38,2%
	2003	7,0%	19,4%	21,3%	28,9%
	2008	10,6%	19,7%	27,9%	33,2%
Só castelán	1992				24,2%
	2003	5,9%	14,1%	18,7%	36,5%
	2008	6,0%	18,9%	20,0%	34,3%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008 / Enquisa do Consello da Cultura Galega (CCG) de decembro de 2009

Nota: Porcentaxes. Os datos de 1992, 2003 e 2008 inclúen a poboación de 15 a 17 anos.

Esta aparente paralización e/ou reversión do proceso de perda do galego nas cidades pode gardar relación co fenómeno análogo observado entre a mocidade, dada a concentración dos tramos máis novos da poboación nos hábitats máis urbanizados.

En todas estas cifras cómpre ter en conta que ao longo do período analizado as variacións demográficas supuxeron unha perda de poboación dos concellos pequenos e medianos inferiores a favor do resto, sobre todo dos medianos superiores.

Evolución da poboación municipal segundo o tamaño de municipio (1996-2009)

	1-10 000 hab.	10 000-20 000 hab.	20 000-50 000 hab.	Máis de 50 000 hab.
1996	946 640	539 924	282 258	973 800
2009	877 163	496 711	423 466	998 749
Dif.	-69.477	-43 213	141 208	24 949
% var.	-7,3%	-8,0%	50,0%	2,6%

Fonte: Padrón de habitantes 1996 e 2009

Os movementos migratorios e as variacións residenciais dos últimos anos en Galicia indican que existe un proceso complexo de fixación da residencia dentro das áreas urbanas e metropolitanas. As cidades e os seus centros históricos tenden a envellecer en maior medida ca as periferias e os concellos da área de influencia, e, ao mesmo tempo, mentres outros barrios centrais de carácter comercial tenden a concentrar as persoas con maiores

índices de renda e riqueza, novas clases medias optan por fixar a súa residencia nas urbanizacións dos concellos circundantes.

Existen, por tanto, fluxos de sentido contrario que non se explican só pola dimensión xeográfica ou a distancia ao centro: as familias novas de profesionais urbanos tenden a instalarse fóra da cidade, as persoas cuxos ingresos non permiten a compra ou o alugueiro nas zonas céntricas ou a adquisición dunha vivenda familiar no extrarradio instálanse na periferia urbana, a poboación inmigrante acomódase nos barrios e zonas máis degradadas da cidade etc. Isto obriga a considerar tamén, se desexamos avanzar na análise dos usos sociolingüísticos do galego, a dimensión económica –renda e patrimonio– e o sentimento de pertenza a unha clase social.


Para poder profundar nesta análise, decidimos incorporar unha pequena explotación dos datos referidos á lingua habitual recollidos en 2009 para un estudo elaborado por este mesmo equipo referente ás actitudes lingüísticas dos galegos, que aínda que non amosan grandes diferenzas cos resultados recollidos na ECVF 2008, permítennos facer unha achega máis precisa na relación da lingua habitual e o hábitat. Nesta análise territorial do nivel de uso do galego instrumentouse outra clasificación diferente dos concellos galegos, o cal produciu resultados semellantes, pero que aumentaron o poder explicativo da dimensión territorial, así como as diferenzas entre as categorías extremas.

A través do emprego do concepto de dinamismo municipal, definido por Pena e Sánchez⁸, as probas estatísticas demostran que as diferenzas no uso do galego fican mellor descritas por un indicador que xunto á variable da poboación introduza unha cesta doutras variables que miden outros fenómenos demográficos e socioeconómicos, tamén en dimensión evolutiva.

Como os mesmos autores sinalan no seu estudo, o indicador de dinamismo municipal que se define a partir da cesta de variables garda unha relación moi estreita coas valoracións de renda municipal realizadas por diferentes entidades e organismos, o que evidencia a importancia dos factores económicos á hora de explicar as diferenzas existentes nos usos lingüísticos entre uns concellos e outros.

⁸ Pena López e Sánchez Santos: «Disparidades económicas intrarregionales a escala municipal: Evidencia empírica para el caso gallego», *Revista de Estudios Regionales*, n.º 81 (2008).

Tipoloxía de municipios segundo o seu dinamismo socioeconómico (2007-2008)




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Lingua habitual segundo o dinamismo socioeconómico do municipio de residencia (2009)

	Clúster 1 (negro)	Clúster 2 (mancha escura)	Clúster 3 (mancha clara)	Clúster 4 (branco)
Só galego	17,4%	26,2%	53,7%	61,8%
Máis galego ca castelán	20,0%	32,9%	28,4%	28,5%
Máis castelán ca galego	32,6%	21,7%	10,8%	5,5%
Só castelán	29,5%	18,9%	6,2%	4,2%

Fonte: Enquisa do Consello da Cultura Galega de decembro de 2009

Lingua habitual segundo o dinamismo socioeconómico do municipio de residencia (2009)



Fonte: Enquisa CCG 2009

A representación gráfica da lingua habitual, a través do emprego desta clasificación, evidencia unha clara división entre os concellos máis dinámicos (clústers números 1 e 2) e os que son pouco dinámicos ou intersticiais ou regresivos (clústers 3 e 4).

Con esta clasificación alternativa obsérvase o mesmo fenómeno que coa clasificación habitual baseada no tamaño poboacional dos concellos. A maior dinamismo económico, renda, nivel de urbanización, xuventude e nivel formativo da poboación, menor é a proporción de uso do galego e maiores son a do uso do castelán e, en xeral, a presenza dos colectivos bilingües.

A novidade importante que introduce esta perspectiva que se abre á caracterización socioeconómica dos concellos é a que se enxerga nos grupos de concellos intermedios. Onde por tamaño poboacional observabamos niveis de uso do galego intermedios e semellantes, agora maniféstase con claridade unha fenda entre o que podemos denominar dúas Galicia diferentes, polo menos no que atinxe ao binomio descrito.

Mentres os concellos medianos máis dinámicos se aproximan moito máis á situación sociolingüística das cidades, os concellos medianos menos dinámicos reproducen case con exactitude a situación dos concellos denominados por Pena intersticiais⁹.

Isto implica, ademais, que o castelán xa é a lingua habitual maioritaria na Galicia máis dinámica. Como os propios datos da ECVF08 reflicten, o uso do castelán xa é maioritario en toda a provincia de Pontevedra, a máis densamente poboada.

⁹ A importancia desta fenda, relacionada co desenvolvemento económico, vese reforzada polo feito de que os clústers máis dinámicos (1 e 2) reúnen a máis de 1,6 millóns de adultos galegos (884 e 735 milleiros, respectivamente), mentres a suma dos menos dinámicos (clústers 3 e 4) non chega aos 0,8 millóns.

Como ben indicaba Xaime Subiela en *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*¹⁰, «o idioma galego conservou tan amplo nivel de uso até data recente debido a un certo arcaísmo da sociedade galega [...]». E, como vemos, nesta Galicia dual, froito de fortes transformacións sociais e económicas nos últimos 50 anos, o desenvolvemento económico está claramente vinculado co proceso de castelanización e de perda de uso do galego.

Lingua habitual e vitalidade do galego

A natureza subxectiva da valoración que os individuos realizan acerca dos seus propios usos lingüísticos ocasiona que a lingua habitual non sexa o mellor indicador, e cando menos non o único, que debe observarse para determinar a evolución dunha lingua.

É ben coñecido, por exemplo, que un cruzamento entre as variables de lingua habitual (con categorías de resposta referidas a dúas linguas diferentes) e a frecuencia de uso (para cada unha das dúas linguas) amosa resultados asimétricos. Este desequilibrio indica no caso de Galicia que se fala máis castelán entre os bilingües cun uso maioritario do galego do que galego se fala entre os bilingües cun uso maioritario do castelán.

Tamén están reflectidas en todos os estudos sociolingüísticos sobre o galego as diferenzas no nivel de uso do galego en función do ámbito en que se emprega; existen indicios de sobrevaloración na medición que sobre o uso do galego fan as enquisas que se derivan tanto de fenómenos de desexabilidade social ou de corrección política como do feito de estas enquisas conducírense exclusivamente en idioma galego e incluír preguntas referidas maioritariamente á lingua galega e non ás dúas linguas en contacto.

Todo isto fainos pensar que a situación aparente dun uso maioritario do galego, que se deriva da última ECVF do IGE, pode agochar, nalgunha medida, unha distribución máis parella entre as dúas linguas.

Unha práctica recente consiste en detraer da poboación galega todas aquelas persoas inmigrantes ou que naceron fóra de Galicia, co que resultan porcentaxes maiores de uso do galego¹¹. Son moitas as razóns que se poden aducir a favor de ter adoptado no pasado e manter no presente o criterio territorial ou de residencia (costume, practicidade, economía integración, diversidade), como varias son tamén as razóns que nos levarían, postos a andar ese camiño, a optar por outros criterios extraterritoriais diferentes (emigración, internet).

Na nosa opinión, nun escenario coma este, no que existe unha distribución de usos dunha e doutra lingua tan igualada e á vez tan pouco igualitaria, e nesta altura do proceso de castelanización, non ten sentido variar o criterio de cuantificación do uso do galego para presentar de forma artificiosa unha porcentaxe maioritaria de uso do galego na nosa sociedade. Facelo supón falsear a realidade da situación e, o que é peor, impide anticipar a toma de decisións de todo tipo (administrativas, políticas, partidarias, económicas) que poderían servir para dar pasos adiante cara á superación do conflito lingüístico.

Sendo preocupante a situación actual do galego, nesta análise existen elementos positivos que permiten abrigar esperanzas de futuro para o galego, sempre que se detecten correctamente as ameazas e se corrixan adecuadamente.

Polo lado positivo, observamos un certo freo na perda de falantes de galego a partir da xeración do *baby boom* e cando menos até mediados os anos noventa. Independentemente da continuidade deste fenómeno, existen indicios de que a escolarización en galego, a aprobación e aplicación da Lei de normalización lingüística, así como

¹⁰ Henrique Monteagudo (coord.): *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2009.

¹¹ Mauro Fernández: «Dos linguas en un mesmo corazón», *El País*, 16 de maio de 2010.
http://www.elpais.com/articulo/Galicia/linguas/mismo/corazon/elpepiatgal/20100516elpgal_12/Tes


a asunción dun ideario galeguista pouco cuestionado¹² poderían ter unha relación positiva co nivel de uso da nosa lingua. Polo menos os resultados globais indican unha contención da porcentaxe de monolingües en castelán, que é outro dos datos connotados positivamente para o futuro do galego.

Polo lado negativo, existen indicios de que o freo no proceso de perda de uso do galego non é definitivo e que continúa nas xeracións máis novas, de quince anos a esta parte, malia que parece que o ensino inflúe positivamente no aumento do uso. Prosegue, por tanto, a inclinarse a balanza do lado do castelán. Neste proceso a diminución do grupo de monolingües en galego é superior á de calquera outro grupo, o que contrasta coa estabilidade dos monolingües en castelán, corroborando a idea de que son os usuarios de galego os que en maior medida empregan ou se abren ao uso da outra lingua.

Ademais das variacións interxeracionais no uso do galego, cos problemas de transmisión longamente analizados na nosa literatura sociolingüística, os números indican que existen perdas intraxeracionais de relevancia.

A simulación realizada co obxecto de verificar a validez da mostra con base nos datos do Censo de poboación de 2001, empregando a pregunta sobre a frecuencia de uso do galego e asimilando a categoría de resposta «non falo galego nunca» coa de poboación monolingüe en castelán (como se comentou, a categoría cuxa importancia permanece máis estable entre as diferentes enquisas), amosa como entre 2001 e 2009 os mesmos individuos aumentarían o seu monolingüismo en castelán.

Evolución intraxeracional do monolingüismo en castelán (2001-2009)



Fonte: Censo de poboación e vivendas 2001. Enquisa CCG 2009

¹² As manifestacións abertamente hostís cara ás políticas lingüísticas en favor do galego eran marxinais antes da aprobación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño.

Detéctase un crecemento do monolingüismo en castelán entre a poboación máis nova, mais especialmente no intervalo dos nados entre 1967 e 1976, con idades hoxe entre os 32 e os 43 anos, que era á súa vez o grupo poboacional cun maior peso do monolingüismo en castelán. Esta cohorte concentra unha maioría de pais e nais con fillos e fillas no primeiro e segundo ciclos do ensino primario, o cal é un dato que pode pórse en relación cos resultados da consulta realizada pola Xunta de Galicia ao abeiro do impulso do Decreto 79/2010.

Aínda que o aumento do monolingüismo en castelán tamén se detecta nas xeracións posteriores, correspondentes aos nados na democracia, dito crecemento xa non é tan importante, aínda que a situación persoal (laboral, vital) é substancialmente diferente e non se pode descartar que andando o tempo experimenten este mesmo fenómeno con maior intensidade.

A pesar de que cae fóra do obxectivo deste traballo, chama a atención que o aumento do monolingüismo por idades se inicien coa época do *desarrollismo* económico e que os seus maiores crecementos coincidan cos momentos de maior crecemento económico dos PIB español e galego.

De xeito transversal a esta perspectiva en función do ano de nacemento detéctase que o crecemento do monolingüismo en castelán corresponde case en exclusiva ao xénero feminino, fenómeno que de se confirmar en posteriores investigacións quizais demande unha maior atención por parte dos estudosos.


II. LINGUA INICIAL

Resultados globais

A lingua inicial é outra variable que en escenarios sociolingüísticos complexos, como os que temos en Galicia, axuda a observar mellor a evolución dunha lingua. Neste estudo referirémonos á lingua inicial como sinónimo da lingua ou linguas en que os pais ou titores lle falaban á persoa entrevistada nos seus primeiros anos de vida. Non entraremos, por tanto, a considerar as diferenzas entre lingua materna e lingua de aprendizaxe.

Precisamente, as ECVF distinguen entre lingua en que se aprendeu a falar e lingua en que lle falaban á persoa entrevistada pais e avós. Para homoxeneizar a comparación entre fontes optamos por empregar aquí os resultados da pregunta referida á lingua usada polos proxenitores.

Lingua inicial (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992 / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008*

Lingua inicial (1992-2008)

	1992	2003	2008
Só galego / En galego sempre	62,4%	59,6%	55,8%
As dúas	11,4%	20,4%	20,8%
Só castelán / En castelán sempre	25,6%	18,7%	21,3%
Outras linguas / Outras situacións	0,6%	1,3%	2,2%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Postos xa en perspectiva, os datos indican unha evolución claramente decrecente do galego como lingua materna. Así, do 62,4% de persoas que en 1992 tiñan como lingua materna só o galego pásase, 16 anos despois, a un 55,8%, o que supón aproximadamente 9 puntos menos. No mesmo lapso de tempo, o número de individuos co castelán como única lingua inicial descendeu, máis levemente, dende o 25,6% até o 21,3%, dous puntos porcentuais. En consecuencia, aumentou en maior medida o grupo dos que escoitaron as dúas linguas na casa cando eran nenos, cuxo peso aumentou dende o 11,4% até o 17%.


Malia esta evolución negativa, o galego seguiría a ser, segundo todas as fontes desta última década, a lingua materna da maioría da poboación. Ademais, é moi importante resaltar que o grupo de persoas que non entra en contacto co galego no ámbito familiar descendeu en termos absolutos dende 1992; pasou do 26,2% ao 23,5% de 2008.

Mentres no estudo da lingua habitual o grupo retratado con maior nitidez polas estatísticas era o dos monolingües en castelán, na análise da lingua inicial o grupo mellor retratado é o dos que tiveron só o galego como lingua materna. Dalgunha forma este resultado transloce que a adscrición ou pertenza máis conflitiva ou difícil de precisar, dentro da situación sociolingüística existente en Galicia, se produce en todos os casos distintos aos que supoñen o ter o galego como lingua inicial.

Agrupadas convenientemente as categorías de resposta á pregunta de lingua materna, obtemos unha fotografía da situación monolingüe ou bilingüe¹³ na que se produce a transmisión interxeracional das linguas.

¹³Incluimos as persoas que declaran ser plurilingües.

Monolingüismo e plurilingüismo inicial (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Monolingüismo e bilingüismo inicial (1992-2008)

	1992	2003	2008
Monolingües	88,0%	78,3%	77,0%
Bilingües	12,0%	21,8%	23,0%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008


A definición de bilingüismo inclúe aquí todas as situacións de convivencia de galego e castelán, independentemente da situación maioritaria ou minoritaria de cada unha, así como o emprego partillado ou en exclusiva de terceiros idiomas. As diferenzas entre as fontes non impiden apreciar unha tendencia cara a un aumento leve do bilingüismo entre 1992 e 2008, e unha redución consecuenta do monolingüismo. Este dato é o que xustifica o aumento en termos relativos do número de persoas que reciben o galego na casa.

Resultados por idade

Do mesmo xeito que o uso habitual do galego e a idade estaban correlacionados positivamente, a lingua inicial e a idade estano tamén. Se entre as persoas de 65 ou máis anos o galego como lingua materna atinxe porcentaxes raianas no 70-80%, entre as menores de 30 anos os rexistros non superan o 35-40%, exactamente a metade.

Estas cifras reflicten unha perda de transmisión interxeracional do galego próxima ao 25% dos falantes en cada xeración, ou o que é o mesmo, unha transmisión do 75%. Aínda que resulta complexo establecer un limiar a partir do cal se considera ameazada a transmisión interxeracional dunha lingua, a UNESCO propuxo o límite inferior do 30%¹⁴, razón pola cal se podería considerar o galego fóra de perigo.

Lingua inicial segundo a idade 2008




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Por outra banda, tal e como podemos apreciar na gráfica anterior, parece observarse, en consonancia cos datos de lingua habitual, unha contención e mesmo recuperación nalgúns tramos de idade.

¹⁴ Porcentaxe sinalada por M. Carme Junyent, en «A perda da diversidade lingüística no mundo e os procesos de homoxeneización lingüística», en Henrique Monteagudo (coord.): *Sociedades plurilingües...*, op. cit.

Lingua inicial segundo a idade 1992-2008



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

O descenso da lingua inicial entre as distintas calas pode verse con máis claridade nestoutra gráfica, que recolle unha tendencia ben distinta segundo a fonte. O dato máis positivo sería o crecemento absoluto de falantes de galego no último tramo de idade con respecto a 1992. O resto de tendencias apuntan a unha certa contención; auguran unha certa estabilidade ou punto crítico, segundo a interpretación. Este fenómeno non acontecía en 1992, cando as tendencias eran claramente diverxentes e proclives a que o galego como lingua inicial desaparecese.

En calquera caso, os datos de lingua inicial entre os suxeitos máis novos amosarían unha tendencia moi preocupante. Porén, hai que ter en conta que a poboación nacida fóra de Galicia nestas franxas de idade pasou do 8,78% ao 11,35% no período de referencia. Dato que non explica por si mesmo a caída, pero que pon de manifesto o peso da inmigración na perda do galego como lingua materna.

O peso dos outros dous colectivos en relación coa lingua inicial, os das persoas que tiveron como lingua materna só o castelán ou os que tiveron tanto castelán como galego, presenta un perfil inverso ao do galego en función da idade. A súa importancia é maior nas novas xeracións.

Lingua inicial segundo a idade (1992-2008)

		5 a 14 anos	15 (18) a 29 anos	30 a 39 anos	40 a 49 anos	50 a 64 anos	65 anos ou máis
Só galego / En galego sempre	1992		39,2%	52,9%	63,0%	72,6%	80,0%
	2003	33,00%	39,20%	44,90%	58,60%	70,60%	81,60%
	2008	27,90%	38,10%	40,20%	49,50%	63,70%	78,90%
As dúas	1992		15,9%	13,6%	10,9%	10,2%	7,33%
	2003	32,80%	35,10%	26,80%	19,90%	13,10%	7,70%
	2008	33,10%	30,50%	28,00%	22,90%	17,00%	9,80%
Só castelán / En castelán sempre	1992		43,9%	32,7%	25,4%	17,0%	12,4%
	2003	32,90%	24,10%	26,00%	20,30%	15,20%	10,00%
	2008	37,00%	28,20%	27,90%	25,20%	18,00%	11,00%
Outras linguas / Outras situacións	1992		,9%	,8%	,7%	,3%	,3%
	2003	1,30%	1,50%	2,30%	1,20%	1,20%	0,70%
	2008	2,00%	3,30%	4,00%	2,40%	1,40%	0,40%

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Se realizamos a comparación frecuente entre un ambiente inicial monolingüe ou bilingüe, observamos como tendencialmente medrou o bilingüismo nun escenario en que seguen a ser maioría as persoas que tiveron unha soa lingua como materna. Porén, esta importancia crecente do plurilingüismo perdeu forza, a través dunha desaceleración da tendencia, tal e como se aprecia nos valores que adopta entre os 5 e os 39 anos.


Resultados por sexo

Os resultados confirman que o descenso continuado da porcentaxe de monolingüismo en galego, no que atinxe á selingua en que pais e nais lles falan aos seus fillos, rexístrase para ambos os dous sexos indistintamente.

Consecuentemente, existe un crecemento das restantes respostas, que se concentra na categoría de monolingües iniciais en castelán e que presenta altibaixos dependendo da fonte.

Evidénciase, así, unha interrelación estreita entre as respostas contiguas, que resulta máis perceptible entre as opcións «só castelán» e «as dúas».

Lingua inicial por sexo (1992-2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

As diferenzas entre sexos son leves, pero case sempre indican unha pequena maior exposición ao castelán por parte das fillas ca dos fillos, de xeito que existe un déficit de mulleres nos grupos que se criaron en ambientes con presenza de galego e un superávit de mulleres no dos que só escoitaron aos seus pais falar en castelán.

En calquera caso, estas diferenzas por sexo son menores ca as observadas no caso da lingua habitual, o que vén a confirmar a existencia de factores non só domésticos senón de socialización neste fenómeno dunha castelanización máis intensa das mulleres.

Resultados territoriais

Igual que acontecía coa lingua habitual, a análise da lingua inicial amosa un forte vínculo co territorio, de xeito que canto maior é o tamaño de poboación dun concello, menor é a presenza do galego e maior a do castelán, e a das dúas linguas simultaneamente.

Lingua inicial por tamaño de municipio (2003-2008)

	1992	2003	2008
Menos de 10 000 habitantes			
Galego	78,57%	77,46%	70,42%
Castelán	12,05%	12,01%	10,24%
As dúas	8,88%	10,54%	19,34%
Entre 10 000 e 50 000 habitantes			
Galego	55,83%	54,16%	47,60%
Castelán	30,01%	26,64%	27,27%
As dúas	13,12%	19,20%	25,13%
Máis de 50 000 habitantes			
Galego	35,20%	28,52%	28,87%
Castelán	48,51%	51,59%	44,59%
As dúas	15,72%	19,89%	26,55%


Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Na táboa podemos observar os resultados de lingua inicial por hábitat descontando as situacións referidas como «outras». Cremos que é moi importante resaltar que dende 1992 se produce unha caída do castelán como lingua inicial en todos os hábitats en termos moi similares ao galego. A excepción sería a pequena subida do galego entre 2003 e 2008 nas cidades. Ademais, é moi importante o aumento dos bilingües iniciais, en detrimento das opcións monolingües, sobre todo nos hábitats rural e vilego.

Se adoptamos a clasificación de concellos en función do seu dinamismo socioeconómico, as porcentaxes de lingua inicial volven presentar un escenario dual, cun salto máis evidente entre o segundo e o terceiro conglomerado que separa os concellos dinámicos dos estancados e regresivos.

Neste escenario detéctase, porén, que o galego é maioritario como lingua inicial en todos os concellos excepto nas cidades, onde a situación de partida da poboación en canto á lingua estaría perfectamente igualada entre galego e castelán.

Categorías de lingua inicial por tamaño do municipio de residencia (2003-2009)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

A diferenza entre estes datos sobre lingua inicial e os xa vistos relativos á lingua habitual son os que nos permiten cuantificar a intensidade do cambio de lingua.

Nos concellos máis dinámicos, só o 50% da poboación mantén os usos iniciais e a proporción de cambio é favorable ao castelán nunha proporción de 3 a 2. Nos concellos menos dinámicos, os falantes conservan o idioma inicial entre o 60% e o 70% dos casos, aínda que o saldo se volve máis favorable para o castelán nos concellos socioeconomicamente regresivos, até atinxir relacións de 5 a 1.


Se escollemos a idade ou o territorio para analizar o cambio de lingua, o que se verifica é a constancia e homoxeneidade do cambio cara ao castelán en todos os posibles segmentos. Pola contra, o cambio cara ao galego aumenta, sen chegar a compensar o seu contrario, naqueles segmentos máis castelanizados.

III. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

Un dos resultados máis chamativos entre os que analizamos está a competencia autopercibida, que presenta unha baixa importante, sobre todo nas categorías máis favorables para o galego. Os datos amosan unha baixada xeneralizada en todas as destrezas con respecto a 2003.

Se agrupamos as categorías «moito» e «bastante», atopamos un escenario algo mellor, no que obtemos un lixeiro crecemento na capacidade para escribir.

Competencia lingüística nas catro destrezas (1992–2008)



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Viría a explicar parcialmente este resultado o aumento dos nados fóra de Galicia, que pasaron do 9,11% ao 11,59% en 5 anos. Ademais, estes cidadáns que se incorporaron declaran ter unhas competencias moito peores ca o mesmo tramo da poboación en 2003.

Constátase, así, un descenso da competencia lingüística para a capacidade máis estendida (entender a fala). No momento da enquisa (2008), había máis de 65 000 persoas de fóra de Galicia que non entendían o galego, o cal supón o 2,89% do total da poboación residente en Galicia.

No tocante á capacidade para falar, se analizamos os datos por lugar de nacemento, volvemos ver o peso do colectivo na situación sociolingüística. Aínda que os nados en Galicia que declaran non entender o galego (pouco ou nada) diminúen, o crecemento entre os nados no estranxeiro é moi importante.


Porcentaxe da competencia lingüística por lugar de nacemento (1992-2008)

	1992	2003	2008
Nacidos en Galicia			
Pouco ou nada	11,6	7,69	6,2
Nacidos noutra comunidade autónoma			
Pouco ou nada	62,15	48,42	52,18
Nacidos noutro país			
Pouco ou nada	34,36	32,28	50,11

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

No conxunto da poboación, aínda que, como vimos, a autopercepción se sitúa en niveis inferiores respecto a 2003, o certo é que a porcentaxe de persoas que non sabe falar galego está bastante estabilizada.

Porcentaxes de persoas que din falar ben ou moi ben en galego 1992-2008



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008


Tamén é significativo, a pesar da pequena magnitude social do fenómeno, o feito de que aumente o número de galegos que din que entenden o galego pero que non o saben falar, que pasan de ser unhas 48 000 persoas en 1992 a 40 000 en 2003 e a case 65 000 en 2008.

Por idades, sorprende a sensible baixada dos máis novos na competencia lingüística, unha tendencia atopada en *A sociedade galega e o idioma. Evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*¹⁵. Daquela especulouse

¹⁵Op. cit.

sobre a posibilidade de que o sistema educativo podía estar favorecendo as competencias «pasivas». A teor dos resultados da fala, semella que isto non é así, senón que a escola é determinante na adquisición da capacidade para falar galego. Na evolución por idades obsérvase unha baixada constante até os nados arredor dos anos 1965-1970, que supoñen o punto de inflexión. A partir de aí, a capacidade para falar aumenta constantemente¹⁶ até que os suxeitos teñen 15 anos (independentemente da data de nacemento), momento en que rematan, precisamente, o ensino secundario obrigatorio.

Competencia lingüística por idades



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Hai outro dato que podería reforzar esta aseveración. Se analizamos os ámbitos de adquisición dos galegos que declaran falar ben ou moi ben o galego, vemos o importante peso que ten a escola e outros ámbitos de adquisición externos á familia e a súa evolución positiva. Se poñemos en relación estes datos cos de lingua inicial e usos lingüísticos na familia, podemos concluír con bastante seguridade que a escola é un ámbito de adquisición do galego oral determinante. Por outra banda, resulta sorprendente a escasa incidencia dos cursos de galego na competencia oral e a súa evolución á baixa.

¹⁶ Na gráfica, a competencia lingüística está expresada na escala da esquerda como un número que oscila entre 1 (mínica competencia) e 4 (máxima competencia).

Ámbitos de adquisición do galego 1992-2008

	1992 ¹⁷	2003	2008
Familia	83,5	86,82	86,83
Escola	5,9	29,7	33,96
Amigos	4,0	8,83	13,95
Veciños	3,1	9,58	13,7
Traballo	1,3	2,84	6,35
Cursos	...	1,17	0,9
De xeito autodidacta	...	0,64	0,54
Radio e televisión galegas	...	0,23	0,16

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008


Malia o anterior, non debemos pasar por alto a caída xeneralizada na percepción da competencia entre os dous puntos do inquérito, o que constata uns resultados globais peores, a pesar de que se mantén a tendencia.

Tradicionalmente apuntouse a que existe unha tendencia inversa entre as competencias lingüísticas e o uso do galego, o cal é certo dende un punto vista diacrónico, pero con certos matices se observamos a evolución interxeracional. Se comparamos a competencia oral co uso do galego ao longo dos distintos cortes de idade, atopamos que hai certa correspondencia entre os patróns evolutivos. Semella que o aumento da competencia oral arredor do punto histórico referido arriba garda relación coa pequena estabilización que se observa nos usos. Vese con máis claridade como o segundo punto de inflexión (os rapaces que acaban o ensino secundario) coincide con esa mínima recuperación do uso que se observa para despois caer con forza entre os menores de 15 anos. De ser isto así, poderíamos estar ante unha realidade nova consistente en que a perda do galego non é tanto un fenómeno xeracional como sociolóxico, onde a escola desempeñaría un papel máis positivo do que se puidese intuír hai uns anos. Obviamente, cando vemos os datos con agregacións maiores nos cortes de idade, a tendencia é inequivocamente negativa, en parte polo peso que lle confiren ao resultado global os suxeitos en idade escolar.

Se facemos unha análise algo máis sofisticada e comparamos os resultados globais de competencia oral co ítem dos suxeitos que declaran que aprenderon galego na escola (aínda que non sexa de xeito exclusivo), observamos de novo os dous mesmos puntos de inflexión e a evolución paralela das dúas series entre eles.

¹⁷ Os datos de 1992 non inclúen resposta múltiple.

Comparación do medio polo que se aprendeu a falar galego e a competencia para falar galego 2008




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Este fenómeno ten un peso específico maior nos concellos de máis de 20 000 habitantes e nas cidades, onde unha de cada catro persoas declara que aprendeu o galego na escola, fronte aos habitantes dos concellos máis pequenos, nos que a familia e o contorno máis inmediato do suxeito teñen un peso maior. Como é fácil de prever, a evolución entre 2003 e 2008 tamén acusa o fenómeno.

Outro ámbito de adquisición que gaña peso é o laboral. De feito, a porcentaxe de persoas de 30 a 49 anos que declara que adquiriu a competencia oral no traballo pasou do 6% a case o 11% en 2008. O perfil deste colectivo é interesante, dado que se trata de galegos principalmente, aínda que hai un número importante de nados fóra de Galicia. Traballan en actividades de servizos e na empresa privada, malia que hai unha proporción de traballadores públicos maior ca no total da mostra, e os seus ingresos son altos. As competencias lingüísticas en galego deste grupo son moi boas e existe unha pequena tendencia a que utilicen o galego como lingua habitual.

Un dos datos que máis sorprende é a baixada neta da capacidade para ler galego, que, non obstante, ten un patrón semellante e máis obvio ca o da competencia oral. Como se pode apreciar, a competencia máxima acádana os rapaces que acaban de rematar o ensino obrigatorio.

Capacidade para ler en galego segundo a idade 1992-2008



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Se indagamos nos motivos deste descenso, non podemos atribuílo unicamente á incorporación de falantes nados fóra de Galicia, xa que se produce un descenso xeneralizado tamén entre os nados aquí.

Capacidade para ler en galego segundo o lugar de nacemento 1992-2008

	2003	2008
En Galicia		
Moito	59,06	48,07
Bastante	27,4	36,51
Pouco ou nada	13,54	15,42
Noutra comunidade autónoma		
Moito	49,7	38,52
Bastante	27,53	33,12
Pouco ou nada	22,77	28,37
Noutro país		
Moito	50,79	34,54
Bastante	32,44	33,58
Pouco ou nada	16,77	31,88
Total		
Moito	58,31	46,83
Bastante	27,61	36,18
Pouco ou nada	14,08	16,99

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Como podemos ver, este descenso na capacidade para ler significa que o 17% da poboación declara que entende pouco ou nada o galego escrito, 3 puntos máis ca en 2003.

Afirman ter unhas competencias algo peores as mulleres neste aspecto, malia que o descenso é case proporcional entre sexos. Con todo, as mulleres que non entenden ou entenden pouco o galego escrito son case un 19%.

A idade é un parámetro que amosa diferenzas importantes en relación coa competencia lectora. Se nos achegamos a aqueles individuos que se recoñecen incompetentes neste ítem, observaremos que se produce unha evolución negativa en todos os cortes.

Capacidade lectora por idades (persoas que entenden pouco ou nada o galego escrito)


	Porcentaxe	
	2003	2008
Pouco ou nada		
De 5 a 14 anos	11,06	14,26
De 15 a 29 anos	3,18	5,46
De 30 a 49 anos	7,6	9,55
De 50 a 64 anos	16,46	17,63
De 65 ou máis anos	34,61	38,55
Total	14,08	16,99

Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Unha vez máis, habería que ver que incidencia pode ter o fenómeno migratorio. En termos absolutos, este colectivo incide negativamente na competencia, igual ca noutros aspectos. Os nados noutras comunidades autónomas declaran non ler ou ler con dificultade nun 63%, dato que permanece inamovible dende 2003. En cambio, se observamos o colectivo dos nados noutro país, vemos un incremento de 13 puntos no período de referencia (49,8-63,2).

Se observamos os movementos inmigratorios, podemos apreciar que o aumento dos individuos con idades comprendidas entre os 0 e os 19 anos entre os dous anos de referencia medrou nun 75,98%, o cal podería explicar en boa medida esta situación. Parecería necesario prestar un coidado especial a este colectivo no referente á atención á diversidade.

Poboación estranxeira de 0 a 19 anos en Galicia



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

A distribución por tamaño municipal non semella ter unha tendencia clara, dado que o incremento das persoas que declaran ler pouco ou nada en galego non parece ter unha distribución explicativa.

No tocante á capacidade para escribir, os datos entre 1992 e 2008 corroboran un aumento moi importante en todas as franxas de idade, principalmente entre os máis novos. De feito, é a única variable entre as competencias lingüísticas que experimenta unha pequena mellora con respecto a 2003 se xuntamos as categorías «moito» e «bastante» referidas máis arriba.

IV. ÁMBITOS DE USO DO GALEGO

Uso do galego na escola

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que reciben as clases

Máis do 60% das persoas que estudan en Galicia o fan ou ben maioritariamente en galego (46,6%) ou ben sempre en galego (14,3%), o que supón un incremento respecto ao ano 2003 de case 16 puntos porcentuais no primeiro caso e de 6 puntos no segundo.

Se analizamos os datos por provincias, a excepcionalidade atópase en Ourense, única provincia en que o número de estudantes que reciben as clases sempre en galego baixa, concretamente un 0,8%. En contraste, os estudantes que reciben as clases maioritariamente en lingua galega experimentan unha suba do 28,8% respecto ao ano 2003, o que supón unha diferenza favorable coa media galega de 13,1 puntos porcentuais.

O sexo non é unha variable cunha influencia notable, aínda que si podemos observar que o incremento dos que reciben as clases totalmente en galego é maior no caso das mulleres, un 6,6% fronte ao un 5,3% dos homes. Esta tendencia invértese cando se trata da recepción das clases maioritariamente en lingua galega, neste caso os homes soben máis de 17 puntos porcentuais, 3 por riba das mulleres.

Por idades observamos que o acrecentamento do emprego do galego na ensinanza obrigatoria, é dicir, a que abrangue os rapaces de entre 5 a 16 anos, é un feito, pero non acadada os obxectivos marcados pola Administración autonómica galega. En 2008, uns 50 000 nenos máis que en 2003 recibiron as clases ou ben sempre en galego ou maioritariamente en galego (cun aumento do 6,8% e o 16,2%, respectivamente). Trátase dun aumento xeneralizado aínda que é menor no caso dos mozos de 17 ou máis anos.

O tamaño do municipio onde residen as persoas que estudan en Galicia é unha variable determinante no uso da lingua en que reciben as clases. Tendo en conta que, na suma dos dous ítems, a media galega de crecemento do uso do galego se sitúa no 21,7%, vemos que canto máis pequeno é o concello, máis baixo é o crecemento e vai aumentando segundo o tamaño do concello é maior. Así, os concellos de menos de 10 000 habitantes amosan un incremento do 11,1%; os de entre 10 000 e 20 000 habitantes, un 22,2%; os de entre 20 000 e 50 000 habitantes, un 25,8%; e, para rematar, os de máis de 50 000 habitantes, un 27,1%.

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que responden aos exames

O número de persoas que estudan en Galicia e responderon aos exames ou ben sempre en galego ou maioritariamente en galego no ano 2008 aumentou en máis de 63 000 respecto ao ano 2003 (un incremento do 20,3%), en detrimento, consecuentemente, do uso do castelán. Isto supón que se en 2003 un 32,8% contestaba en galego, en 2008 faíno un 53,1%.

Na análise por provincias, Ourense marca de novo a diferenza respecto ás outras tres provincias galegas, cunha forte suba dun 31,7% dos que contestan os exames maioritariamente en galego (15 puntos porcentuais por riba da media), e, pola contra, unha acentuada baixada dun 4,6% dos que o fan sempre en galego; trátase da única provincia en que se produce esta baixada, como se observa na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que responden aos exames, por provincias.
Comparativa anos 2003-2008

Anos	Total Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2003	2008	2003	2008	2003	2008	2003	2008	2003	2008
Todos en galego	9,1	12,9	11,3	17,7	10,0	14,2	10,8	6,2	5,9	9,1
Maioritariamente en galego	23,7	40,2	23,0	38,0	29,6	46,02	19,4	51,1	23,9	37,5
Maioritariamente en castelán	37,3	33,3	34	32,1	35,8	26,8	29,6	30,3	43,8	37,7
Todos en castelán	29,9	13,6	31,8	12,2	24,5	13,0	40,2	12,5	26,4	15,7

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias anos 2003 e 2008

Tendo en conta o sexo das persoas, podemos subliñar que os homes aumentaron case tres puntos por riba das mulleres no uso do galego para responder os exames (un 21,7% fronte a un 19%), aínda que foron elas as que creceron 1 punto porcentual máis no caso do ítem concreto «todo en galego».

A idade é unha variable moi influente no uso do idioma para responder os exames. Así, os máis novos (entre 5 e 16 anos) aumentaron o uso do galego en 2008 un 22,3% máis ca en 2003, cunha suba dun 4,7% no caso de contestar «todos en galego» e un 17,6% «maioritariamente en galego», o que supón que un 64,7% das persoas que estudan en Galicia prefiren facelo en lingua galega. Pola contra, os que teñen 17 ou máis anos (temos que ter en conta que a franxa de idade é moi ampla) creceron por debaixo da media: un 1,6% son os que contestan todo en galego e un 12,9% os que o fan maioritariamente en galego, tal e como podemos apreciar na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que responden os exames, por idades.
Comparativa anos 2003-2008

	2003	2008
De 5 a 16 anos		
Todos en galego	11,9	16,6
Maioritariamente en galego	30,4	48,0
Maioritariamente en castelán	35,2	27,3
Todos en castelán	22,5	8,1
De 17 ou máis anos		
Todos en galego	5,4	7,0
Maioritariamente en galego	14,9	27,8
Maioritariamente en castelán	40,1	42,9
Todos en castelán	39,6	22,3

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias anos 2003 e 2008

Chámanos moito a atención cando observamos os datos segundo a lingua en que falan habitualmente os que estudan en Galicia. Se no ano 2003 un 68,1% dos galegofalantes contestaba os exames todos en galego, en 2008 prodúcese unha profunda baixada do 28,1%, situándose este colectivo no 40%. O mesmo sucede cando se analiza o ítem «contestar maioritariamente en galego», de novo os que falan sempre en galego baixan un 18%. Por outra banda, se temos en conta a lingua en que escriben habitualmente, vemos como descende en case a cuarta parte o número de galegofalantes que contesta os exames sempre en galego ou maioritariamente en galego, cun lixeiro brote de 3,5 puntos porcentuais no uso do castelán.

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que escriben na escola


Máis da metade das persoas que estudan en Galicia (53,3%) escriben nas clases ou ben só en galego ou máis en galego ca en castelán. Pontevedra, cun 46,4%, é a única provincia que non acada o nivel porcentual da media galega e queda a 6,8 puntos desta. No polo oposto atópase a provincia de Lugo, na que o 62,5% dos estudantes escriben en galego na clase, 9 puntos por riba da media.

De novo a idade é unha variable que ter en conta. O 63,9% dos estudantes comprendidos entre os 5 e 16 anos escribe ou só en galego ou máis en galego ca en castelán, mentres os maiores de 17 quedan no 35,5%. Aínda que en xeral o uso do galego escrito na escola aumentou dende o ano 2003 un 23,5% no grupo de menor idade e un 15,8% no de 17 ou máis anos, este último colectivo perdeu medio punto porcentual no ítem concreto «só en galego».

Tamén o tamaño do municipio volve ser significativo nesta análise. En xeral, entre os anos 2003 e 2008, o uso do galego escrito na escola creceu nos 315 concellos galegos, aínda que o aumento é menor canto maior é o tamaño do municipio, salvo unha excepción que cómpre salientar: é máis forte a subida dos que usan «só o galego» para escribir na escola nos concellos de entre 20 000 e 50 000 habitantes (17,7%), acadando un nivel similar ao dos concellos de menos de 10 000 habitantes (20,3%), ca nos de entre 10 000 e 20 000 habitantes (9,1%).

Se comparamos os datos do período de tempo estudado cos publicados en 1992 (único referente histórico temporal de estudo do uso do galego na escola), constatamos unha evolución global do uso do galego na escola moi positiva nas últimas décadas, cunha aguda repunta no ano 2003, tal e como podemos observar na seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que escriben na escola



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992 / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008*

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que falan cos seus compañeiros

O castelán é o idioma dominante nas conversas entre os compañeiros de estudos en Galicia. Tan só un 36,6% das persoas que estudan na nosa comunidade falan en galego ou máis galego ca castelán cos seus compañeiros; a pesar do negativo do dato, en conxunto o uso do galego creceu en 2008 algo máis dun punto respecto ao ano 2003, pola diferenza entre o 7,5% de suba no ítem «máis galego ca castelán» e a acentuada baixada do 6,1% dos que falan cos compañeiros «só en galego».

Ourense é a provincia que experimentou o crecemento máis acentuado no uso do galego xa que, aínda que descendeu o uso de «só galego» respecto ao 2003, aumentou extraordinariamente o uso de «máis galego ca castelán» un 31,5%, case 15 puntos porcentuais máis ca en 2003 e 12,2 por riba da media galega.

Os homes tenden a falar por riba das mulleres máis en galego ca en castelán cos seus compañeiros, un 38,6% fronte a un 34,7%. En ambos os dous sexos diminuíron respecto ao ano 2003 os que só falan galego e aumentaron os que falan máis galego ca castelán. Con respecto á idade, falan lixeiramente máis as persoas cuxos anos están comprendidos entre os 5 e 16 anos ca os de máis de 17 anos (38,5% e 33,3%, respectivamente)

A proporción na fala é moi diferente en función do tamaño do concello en que residen. Así, mentres a media galega dos que falan «só galego» ou «máis galego ca castelán» se sitúa no 36,6%, isto muda cando se trata dos concellos de menos de 10 000 habitantes, nos que o índice porcentual aumenta en máis de 30 puntos; pola contra, nos de máis de 50 000 habitantes só falan en galego cos compañeiros un 14,5%, tal e como se pode observar na seguinte táboa.


Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que falan cos seus compañeiros,
por tamaño de municipio. Comparativa ano 2003-2008

	2003	2008
Total Galicia		
Só galego	23,5	17,39
Máis galego ca castelán	11,8	19,25
Máis castelán ca galego	23,05	28,07
Só castelán	41,65	35,28
Menos de 10 000 habitantes		
Só galego	54,37	40,75
Máis galego ca castelán	18,32	26,11
Máis castelán ca galego	13	19,84
Só castelán	14,31	13,31
Entre 10 000 e 20 000 habitantes		
Só galego	25,55	16,69
Máis galego ca castelán	13,99	24,71
Máis castelán ca galego	29,06	30,28
Só castelán	31,41	28,33
Entre 20 000 e 50 000 habitantes		
Só galego	17,08	14,77
Máis galego ca castelán	14,82	21,33
Máis castelán ca galego	23,7	26,82
Só castelán	44,4	37,07
Máis de 50 000 habitantes		
Só galego	4,1	3,11
Máis galego ca castelán	5,45	11,37
Máis castelán ca galego	26,18	33,05
Só castelán	64,27	52,47

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Ao contrario do que sucedía cos datos sobre a escritura na escola, a evolución do emprego do galego nas conversas entre compañeiros é negativa. Tal e como podemos observar na seguinte gráfica, o ano 2003 marca a situación máis álxida no uso do galego para caer en picado no ano 2008, cunha consecuente suba do uso do castelán.

Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que falan cos compañeiros




Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que falan cos seus profesores

No ano 2008, 26 000 alumnos máis ca en 2003 dirixíronse aos seus profesores empregando máis o galego ca o castelán, o que supón unha suba neste ítem concreto de 11,8 puntos porcentuais nos estudantes de entre 5 e 16 anos. Esta tamén foi a tendencia dos maiores de 17 anos, que acadaron un incremento moi significativo de 9,3 puntos porcentuais. Con todo, hai que indicar que cando se trata de usar só o idioma galego, o índice porcentual baixou no período de tempo estudado 3,5 puntos nos menores de 16 anos e 2,4 nos maiores de 17. Aínda así, vemos unha tendencia positiva cara ao galego no diálogo entre alumnado e profesorado, que, no caso dos máis pequenos, se aproxima a índices moi pretos ao uso do castelán, 49,3% e 50,7%, respectivamente.

O incremento na utilización preferente do galego respecto ao castelán reflíctese en todos os concellos galegos, independentemente do tamaño destes; en cambio, como vemos na seguinte gráfica, o uso só do galego aumenta en 2008 nos concellos de máis de 20 000 habitantes, cae nos de entre 20 000 e 10 000 habitantes e, de xeito máis marcado aínda, nos de menos de 10 000 habitantes.


Incremento porcentual segundo a lingua en que falan cos seus profesores. Datos por tamaño de municipio



Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

A lingua en que reciben as clases as persoas que estudan en Galicia é un factor cunha forte influencia de cara a definir o idioma predominante nas súas conversas co profesorado, como queda patente de forma obvia na seguinte gráfica.


Incremento porcentual das persoas por lingua en que falan cos seus profesores.
 Datos segundo a lingua en que reciben as clases



Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Se comparamos o uso do galego co profesorado entre as persoas que estudaron en Galicia nos últimos 17 anos, observamos de novo que o ano 2003 é o que marca as cotas máis altas no emprego deste, mentres que o 2008 acada niveis porcentuais aínda máis baixos que en 1992, tal e como vemos na seguinte gráfica. O castelán repunta bruscamente en 2008 e alcanza valores porcentuais moi por riba dos extraídos en 1992.

Porcentaxe de persoas que estudan en Galicia segundo a lingua en que falan cos profesores. Anos 1992-2003-2008



Fonte: *Mapa sociolingüístico de Galicia 1992* / Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

O galego no ámbito familiar

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus pais

En xeral, o número de persoas que falan coa súa nai ou ben só en galego ou máis en galego ca en castelán descendeu en 2008 en todas as provincias de Galicia catro puntos porcentuais respecto ao ano 2003; con todo, máis da metade dos galegos usan este idioma para comunicarse cos seus pais. Lugo desmárcase dabondo como a provincia en que a lingua galega é a máis utilizada entre fillos e pais cun 67,8% (un 60% sempre en galego e un 7,8% máis galego ca castelán cando se dirixen ás nais, por exemplo), seguida por Ourense con algo máis dun 62%. No polo oposto atópase Pontevedra cun 43%, seguida da Coruña cun 51%. Acádanse, deste xeito, notables diferenzas de até 24 puntos porcentuais entre provincias como a de Lugo e Pontevedra.

Non hai alteracións no tocante á variable «sexo» no período de tempo considerado para este estudo. As mulleres usan menos o idioma galego para falar cos seus pais ca os homes (48,9% fronte ao 54,5% no caso concreto da nai), ao igual que sucedía no ano 2003. Pola contra, o nivel de estudos é unha das variables de maior influencia no uso do galego no ámbito familiar; nunha primeira análise dos datos podemos constatar que os que máis usan o idioma galego para comunicarse cos seus pais serían os alumnos de educación primaria e mais a primeira etapa de educación secundaria ou equivalente (entre o 68% e o 70%, segundo se dirixan ao pai ou á nai, respectivamente); tras estes os estudantes de segunda etapa de educación secundaria ou equivalente (entre o 47,6% e 49,7%) e, por último, os que menos falan son os que cursan educación superior (entre o 39,1% e 42%).

Con todo, houbo variacións entre 2003 e 2008 que paga a pena salientar. Por unha banda, o idioma galego perdeu entre a poboación con máis baixo nivel de estudos case 4 puntos porcentuais neste período de tempo, en cambio gañou máis de 3 nos que cursan secundaria. Por outra banda, o uso do castelán domina o ámbito familiar dos alumnos de educación superior; ao redor do 60% fala sempre en castelán ou máis castelán ca galego.

Igual ca noutros ámbitos analizados, o tamaño do municipio é novamente decisivo no uso do idioma galego no contorno familiar, que adoita ser menor cantos menos habitantes teña o concello, e, como xa vimos neste mesmo informe, é levemente superior cando a interlocutora é a nai.

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus avós

Chama poderosamente a atención a forte caída que sofre o idioma galego na relación entre netos e avós. Se nos fixamos, por exemplo, no segmento da poboación máis nova, entre 5 e 29 anos, constatamos unha caída de case 12 puntos porcentuais no período de tempo analizado (un 61,3% falaba ou sempre en galego ou máis galego ca castelán en 2003 fronte ao 49,5% en 2008).

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus fillos

Na relación pais e fillos as perspectivas non melloran, como podemos verificar na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua en que falan cos seus fillos, por idade. Anos 2003-2008

De 16 a 49 anos		
En galego sempre	41,71	36,3
Máis galego ca castelán	9,01	8,46
Máis castelán ca galego	15,46	14,83
En castelán sempre	33,81	40,41
De 50 a 64 anos		
En galego sempre	53,74	48,8
Máis galego ca castelán	9,75	11,08
Máis castelán ca galego	12,29	13
En castelán sempre	24,22	27,12
De 65 ou máis anos		
En galego sempre	69,35	66,22
Máis galego ca castelán	7,37	7,62
Máis castelán ca galego	6,65	8,01
En castelán sempre	16,62	18,15
Total		
En galego sempre	53,83	49,63
Máis galego ca castelán	8,7	8,96
Máis castelán ca galego	11,79	12,09
En castelán sempre	25,69	29,32

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus irmáns

O galego é o idioma protagonista das conversas entre irmáns en todas as provincias galegas sen excepción. Pontevedra, como vén sendo habitual, é a que amosa o índice máis baixo cun 49,2% que fala ou ben sempre en galego ou máis galego ca castelán, pero hai que ter en conta que os que o fan en castelán se sitúan medio punto por debaixo. Isto débese á introdución dun novo ítem que contempla a posibilidade de que os irmáns falen noutras linguas. Lugo e Ourense representan as cotas máis altas do uso do galego, cun 74% e 70,7%, respectivamente, mentres A Coruña, cun 57,8%, se sitúa a medio punto da media galega (58,3%).

Persoas segundo a lingua en que falan coas súas parellas

As parellas galegas, en xeral, prefiren o galego para comunicarse entre elas en detrimento do castelán, cunha media na comunidade autónoma dun 58% que fala ou ben sempre en galego ou máis galego ca castelán, aínda que o seu uso baixou respecto ao ano 2003 en case 4 puntos porcentuais; un decrecemento que afectou a todas as provincias galegas. A pesar disto, as porcentaxes por provincias acadan os niveis seguintes: A Coruña, 57%; Lugo, 73,6%; Ourense, 71,1%. A particularidade represéntaa novamente Pontevedra cun 48,8%. Hai que ter en conta, ademais, que nesta provincia é na que se produce o descenso máis acentuado, 7,1 puntos porcentuais, no período de tempo que estamos a estudar.

O nivel de estudos reincide como variable de influencia no uso do galego, tamén nas parellas, tal e como ilustra a seguinte táboa:


Porcentaxe de persoas segundo a lingua en que falan coa súa parella, por nivel de estudos. Anos 2003-2008

	2003	2008
Analfabetos, educación primaria e primeira etapa de educación secundaria ou equivalente		
En galego sempre	71,3	66,28
Máis galego ca castelán	6,19	8,16
Máis castelán ca galego	6,78	8,26
En castelán sempre	15,72	17,3
Segunda etapa de educación secundaria ou equivalente		
En galego sempre	30,05	32,01
Máis galego ca castelán	6,19	7,44
Máis castelán ca galego	15,19	13,77
En castelán sempre	48,57	46,78
Educación superior		
En galego sempre	22,99	23,38
Máis galego ca castelán	6,78	6,25
Máis castelán ca galego	15,07	14,47
En castelán sempre	55,17	55,9

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

A idade móstranos un dos datos máis interesantes e salientables no uso do idioma galego neste tipo de relacións. Case a metade (49,7%) das parellas de mozos, entre 16 e 29 anos, prefiren falar entre eles ou ben sempre en galego ou máis galego ca castelán, o que significa un aumento da utilización desta lingua na serie temporal analizada de 12,4 puntos porcentuais, feito que non sucede en ningunha das outras franxas de idade consideradas. A caída máis severa do uso do galego sófrena as parellas de 30 a 49 anos de idade, 11,3 menos en 2008 ca en 2003. Os que teñen entre 50 e 64 anos baixan 2,1, e os de 65 ou máis anos 3,9 puntos porcentuais. A seguinte gráfica amosa o incremento da utilización do galego en comparativa temporal naquelas parellas que teñen entre 16 e 29 anos, tal e como comentamos anteriormente.

Porcentaxe de persoas entre 16 e 29 anos segundo a lingua que falan coa súa parella



Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

O galego noutros ámbitos sociais

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus amigos


O número de persoas que falan galego (sempre ou case sempre) cos seus amigos segue a ser maioritario, aínda que descende respecto ao ano 2003 (de 61,43% a 56,17%). Esta tendencia nos datos desagregados por provincias, coa excepción da provincia de Pontevedra, na que o castelán pasa a converterse na primeira lingua usada coas amizades.

Respecto á idade, os que máis falan castelán cos seus amigos son os máis novos (os comprendidos entre os 5 e os 29 anos), incrementándose a porcentaxe a medida que aumentan os seus anos. Se atendemos á perspectiva temporal, obsérvase un descenso en todos os grupos de idade, mentres que se atendemos ao sexo, as mulleres usan polo xeral máis o castelán, coa excepción do grupo de idade máis avanzada (o de 65 e máis).

Se observamos o uso de galego segundo o nivel de estudos, son as persoas que remataron até a primeira etapa da educación secundaria as que máis falan galego, 4 puntos porcentuais por riba das que rematan a segunda etapa da educación secundaria e a educación superior.

En referencia ao tamaño do municipio, canto menor é este maior é o uso do galego (87,44%), descendendo progresivamente a súa utilización segundo o concello se fai máis grande, como ilustra a seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua que falan cos seus amigos por tamaño de municipio



Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Como vén sendo habitual, a lingua en que recibiron as clases ten unha influencia profunda e moi positiva no uso do galego.

Persoas segundo a lingua en que falan con outros sectores do ámbito social

Máis da metade dos residentes en Galicia usa o galego para comunicarse nos comercios, aínda que se aprecia unha caída na serie temporal estudada, no que acaba sendo maior o seu uso entre os de maior idade. Os que máis empregan esta lingua son as persoas de maior idade, e os máis novos (de 5 a 14 anos) son os que falan máis castelán cos comerciantes, tendencia que vai en aumento entre o 2003 e o 2008.

O número de persoas que en Galicia se dirixe sempre en galego aos médicos é exactamente o mesmo que o que o fai sempre en castelán, un 33,6%. Aínda así, comprobamos como o uso do castelán, en xeral, medrou respecto ao ano 2003, chegando en ítems concretos como «máis galego ca castelán» a diferenciarse en case 4 puntos porcentuais (13,3% e 17,1%, respectivamente).

A lingua en que aprenderon a falar incide fortemente na elección do idioma en que se dirixen a este colectivo profesional, tal e como podemos apreciar na seguinte táboa.

Porcentaxe segundo a lingua en que falan cos médicos. Datos por lingua en que aprenderon a falar. Anos 2003-2008

	2003	2008
En galego sempre		
Lingua en que aprenderon a falar		
Galego	87,6	85,9
Castelán	3,9	2,1
As dúas	7,6	11,2
Outras situacións	0,9	0,9
Máis galego ca castelán		
Lingua en que aprenderon a falar		
Galego	67,9	68,5
Castelán	9,7	6,5
As dúas	21,2	23,8
Outras situacións	1,2	1,2
Máis castelán ca galego		
Lingua en que aprenderon a falar		
Galego	37,0	32,5
Castelán	34,2	25,8
As dúas	27,8	39,9
Outras situacións	1,0	1,8
En castelán sempre		
Lingua en que aprenderon a falar		
Galego	14,5	12,9
Castelán	64,5	59,4
As dúas	18,4	23,4
Outras situacións	2,7	4,3

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

O 44,5% dos pais emprega o galego para falar co profesorado dos seus fillos ou ben sempre ou ben máis ca o castelán. Todas as provincias galegas superan esta media a excepción dos pontevedreses, que distan 8 puntos, cun 36,5%; no polo oposto están os lugueses, cun 62,5%, que son os que máis utilizan o galego cos mestres. Hai que salientar que a porcentaxe de pais que utiliza máis galego ca castelán co profesorado sobe respecto ao ano 2003: 7,3 puntos na provincia de Ourense (20,7%), 2,8 puntos en Pontevedra (16,6%), mantense na Coruña no 12,7% e baixa 1 punto en Lugo (20,7%).

Isto mesmo sucede cando temos en conta a idade, tal e como se detalla na seguinte táboa.

Persoas segundo a lingua en que falan cos profesores dos seus fillos, por idade Anos 2003-2008

	2003	2008
De 18 a 49 anos		
En galego sempre	37,0	28,9
Máis galego ca castelán	13,9	15,3
Máis castelán ca galego	15,8	17,5
En castelán sempre	33,4	38,3
De 50 a 65 anos		
En galego sempre	33,9	27,9
Máis galego ca castelán	16,8	17,5
Máis castelán ca galego	17,4	19,1
En castelán sempre	31,9	35,5

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

A utilización do idioma galego co persoal da Administración diminuíu en todas as parcelas en Galicia no período de tempo considerado unha media de 7,7 puntos porcentuais, aínda que o seguen a empregar máis da metade das persoas (51,8%). A pesar de que todas as provincias experimentaron esta baixada, Ourense e Pontevedra fixérono en maior medida con 9,1 e 13,5 puntos, respectivamente. Na Coruña e en Lugo decreceu por debaixo da media con 3,6 e 2,1 puntos, respectivamente. Hai que salientar que no ítem concreto de «máis galego ca castelán» as provincias da Coruña e Ourense experimentaron unha considerable subida de 3,5 e 4 puntos, respectivamente, mentres que Lugo manteu o mesmo valor ca en 2003 e Pontevedra baixou case 2 puntos.

As persoas galegofalantes cando se dirixen ao persoal da Administración acostuman manter a súa lingua co interlocutor. Aínda que o nivel porcentual diminuíu na serie temporal analizada, un 70,1% emprega sempre o galego coa Administración. Como podemos observar na seguinte táboa, a utilización de «máis galego ca castelán» experimenta un significativo aumento en todas as opcións da fala.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua en que falan co persoal da Administración.
Datos por lingua en que falan habitualmente. Anos 2003-2008

	2003	2008
En galego sempre		
En galego sempre	84,0	70,1
Máis galego ca castelán	12,9	26,1
Máis castelán ca galego	2,5	3,1
En castelán sempre	0,6	0,8
Máis galego ca castelán		
En galego sempre	35,7	26,1
Máis galego ca castelán	48,2	58,8
Máis castelán ca galego	14,2	13,2
En castelán sempre	1,9	1,9
Máis castelán ca galego		
En galego sempre	8,07	7,7
Máis galego ca castelán	26,3	31,3
Máis castelán ca galego	54,5	54,2
En castelán sempre	11,1	6,8
En castelán sempre		
En galego sempre	3,0	2,5
Máis galego ca castelán	7,8	8,6
Máis castelán ca galego	28,0	30,2
En castelán sempre	61,2	58,7

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Persoas segundo a lingua en que falan co persoal da banca

O uso do galego co persoal da banca decreceu 6,5 puntos porcentuais na serie temporal estudada, con todo, máis da metade das persoas en Galicia falan co persoal da banca ou ben sempre en galego ou máis en galego ca castelán. Na desagregación xeográfica destacan Lugo cun 69,8% e Ourense cun 66,5%. A Coruña sitúase ao redor da media mentres Pontevedra se sitúa por debaixo cun 36,5%. O tamaño de municipio é unha das variables que afecta directamente ao índice porcentual na elección do idioma co que falan co persoal da banca, tal e como vemos na seguinte táboa.

Persoas segundo a lingua en que falan co persoal da banca, por tamaño de municipio. Anos 2003-2008

	2003	2008
Menos de 10 000 habitantes		
En galego sempre	71,7	61,7
Máis galego ca castelán	13,9	16,8
Máis castelán ca galego	6,0	10,1
En castelán sempre	8,4	11,4
Entre 10 000 e 20 000 habitantes		
En galego sempre	50,3	35,9
Máis galego ca castelán	12,7	17,1
Máis castelán ca galego	13,9	17,0
En castelán sempre	23,2	30,0
Entre 20 000 e 50 000 habitantes		
En galego sempre	43,6	29,6
Máis galego ca castelán	12,3	14,8
Máis castelán ca galego	11,3	19,7
En castelán sempre	32,8	35,9
Máis de 50 000 habitantes		
En galego sempre	16,0	12,1
Máis galego ca castelán	9,9	12,5
Máis castelán ca galego	16,3	20,8
En castelán sempre	57,9	54,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008

Persoas segundo a preferencia de idioma para redactar documentos notariais ou rexistrals

Un 82% das persoas en Galicia usa ou ben sempre castelán ou máis castelán ca galego para redactar documentos notariais ou rexistrals, un índice porcentual similar para as catro provincias galegas, coa excepción de Pontevedra, que queda a 3,4 puntos da media. En variables como sexo, idade ou tamaño de municipio mantéñense valores case idénticos aos outros ámbitos estudados. Pola contra, a lingua en que escriben habitualmente si que inflúe de xeito firme no emprego do galego neste campo. Como vemos na seguinte táboa, case o 60% dos que escriben en galego redacta este tipo de documentos sempre en galego; sumados aos que o fan máis en galego ca en castelán acadan un nivel porcentual do 93,2%.

Persoas segundo a preferencia de idioma para redactar documentos notariais ou rexistrais, por lingua en que escriben habitualmente. Ano 2008

	Galego	Castelán
En galego sempre	59,7	40,3
Máis galego ca castelán	33,5	66,5
Máis castelán ca galego	10,4	89,6
En castelán sempre	4,8	95,2
Total	13,5	86,5

IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2008

O galego no ámbito laboral

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus compañeiros de traballo

Aínda que, en xeral, o idioma galego segue a ser en 2008 o máis usado en Galicia entre compañeiros de traballo (un 52,5% fala ou ben sempre en galego ou máis galego ca castelán), a media galega caeu respecto ao ano 2003 en 7,5 puntos porcentuais. A análise por provincias non amosa ningunha sorpresa e mantén a tendencia observada noutros ámbitos até o de agora: así, Lugo lidera novamente o emprego desta lingua cun 67,9%, seguida de Ourense cun 62,3%, a 10,8 puntos porcentuais sitúase A Coruña cun 51,5% e, por último, Pontevedra, que, cun 45%, é a única provincia galega que non chega ao 50%.

A rama de actividade (CNAE-2009) é unha variable de forte influencia no uso da lingua galega entre compañeiros de traballo. Como vemos na seguinte táboa, case o 80% dos profesionais do sector agrícola falan sempre en galego cos seus compañeiros, seguidos polos da construción e industria. Pola contra, un 60,6% dos empregados do sector servizos usa ou ben sempre o castelán ou máis castelán ca galego.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua en que falan cos seus compañeiros de traballo, por rama de actividade (CNAE-2009). Ano 2008

Rama de actividade	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
En galego sempre	79,6	42,4	51,9	26,8
Máis galego ca castelán	8,1	18,2	18,1	15,3
Máis castelán ca galego	4,5	16,3	13,4	22,8
En castelán sempre	7,9	23,2	16,6	35,1


Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Na análise por sectores económicos vemos que o predominio do uso do idioma galego está no sector privado, cun 54,5% de persoas que falan ou ben sempre en galego ou máis galego ca castelán, fronte ao 42,7% do sector público.

Persoas segundo a lingua en que falan cos seus superiores

A porcentaxe de persoas que falan cos seus superiores en lingua galega diminuíu na serie temporal estudada en 4 puntos porcentuais: se en 2003 o facían un 49%, en 2008 fano un 45%. Con todo, e a excepción da provincia de Lugo, o ítem «máis galego ca castelán» experimenta unha leve remontada neste período, tal e como podemos observar na seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua que falan cos seus superiores



Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2003 e 2008


Persoas segundo a lingua en que falan co persoal ao seu cargo 2003 e 2008

Se en 2003 máis da metade dos traballadores galegos, concretamente un 55,4%, falaba sempre en galego ou máis galego ca castelán co persoal ao seu cargo, en 2008 unha caída de case 8 puntos porcentuais sitúa o seu uso por debaixo do 50%. Aínda que, coma sempre, Lugo e Ourense son as provincias en que a utilización do galego é maior, chama a atención o caso de Ourense, que sofre unha caída na serie temporal analizada de 15,4 puntos no ítem «en galego sempre» e pasa do 50,6% ao 35,2%.

O estudo do sector económico móstranos a inmovilidade no emprego do galego no sector público, que rolda o 37% no período de tempo estudado. Pola contra, en 2008 o sector privado perdeu falantes de xeito moi significativo, con case 10 puntos porcentuais de caída respecto ao ano 2003 (59,6%).

A seguinte táboa mostra o uso da lingua por rama de actividade (CNAE-2009) durante o ano 2008.

Porcentaxe de persoas segundo a lingua en que falan co persoal ao seu cargo




Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Preferencia do idioma nos medios de comunicación

Persoas segundo a preferencia de idioma no uso dos medios de comunicación

O castelán segue a ser o idioma preferido polos que residen en Galicia cando elixen un programa televisivo, cunha media de espectadores dun 34,1%. Como vén sendo habitual noutros ámbitos de estudo, as provincias de Lugo e Ourense son as que máis sintonizan a televisión en galego, cun 45,7% e un 42,9%; por debaixo da media sitúanse A Coruña e Pontevedra, cun 31,5% e 29,7%. Con todo, curiosamente, a provincia ourensá racha a súa propia tendencia no ítem concreto de «máis galego ca castelán», acadando niveis porcentuais de audiencia superiores a todas as demais provincias galegas, tal e como se pode apreciar na seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas segundo a preferencia de idioma para ver a televisión



IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2008

A audiencia radiofónica en Galicia ofrece datos moi similares aos da televisión. Un 67,6% de persoas prefere o castelán para escoitar a radio. A primacía deste idioma entre os pontevedreses acada cotas do 73,1%, seguido pola Coruña cun 68,9%. No ítem concreto «máis galego ca castelán», Ourense chama de novo a atención ao superar incluso aos coruñeses (30,4%), con niveis porcentuais idénticos á media galega, un 30,8%.

A variable «sexo» incide levemente na elección do galego para escoitar a radio. Como vén sendo habitual, os homes escoitan máis radio en galego ca as mulleres, con pouco máis de 3 puntos porcentuais sobre estas (34% e 30,6%, respectivamente).

Se nos fixamos na idade dos oíntes, comprobamos que canto máis novos son o dominio do castelán é maior, diminuíndo segundo aumenta o tramo de idade da audiencia, tal e como podemos apreciar na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas segundo a preferencia do idioma para escoitar a radio, por idades. Ano 2008

Idade	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
De 5 a 14 anos	7,8	11,6	31,0	49,6
De 15 a 29 anos	10,8	13,5	32,8	42,9
De 30 a 49 anos	12,5	15,7	31,8	40,1
De 50 a 64 anos	15,5	21,8	31,5	31,2
De 65 ou máis anos	18,3	26,8	27,4	27,6

IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2008

O tamaño do municipio inflúe de xeito reincidente en todos os ámbitos deste estudo. No que se refire á preferencia do idioma para escoitar a radio, vemos como son de novo os concellos pequenos os que acadan os niveis máis altos; cando se trata de optar por programas en idioma galego, a progresión descende segundo aumenta o número de habitantes. Aínda así, nin nos municipios de menos de 10 000 habitantes ten primacía o

galego. Un 44,8% dos seus residentes optan por programas nesta lingua, seguidos polos dos concellos de entre 10 000 e 20 000 habitantes (35,2%), os de entre 20 000 e 50 000 habitantes (27,3%) e os de máis de 50 000 habitantes (21,7%).

Se en medios como a televisión e a radio quedou patente a clara preferencia dos galegos polo uso do castelán, cando se trata da lectura de prensa esta predilección acentúase aínda máis. Un 81,6% das persoas que len prensa en Galicia elixen que estea ou ben en castelán sempre ou máis castelán ca galego (52,9% e 28,6%), incluso en provincias como Lugo e Ourense –que veñen marcando tendencias positivas cara á elección do galego na meirande parte dos ámbitos– len sempre prensa en castelán (53% e 50,7%, respectivamente), moi preto da Coruña ou Pontevedra (53,4% e 53,1%, respectivamente).

Ao igual que sucedía cos outros medios de comunicación, as mulleres adiantan de novo aos homes na súa inclinación polo castelán, aumentando aínda máis (5,2 puntos porcentuais) no caso da lectura de prensa realizada sempre en castelán.

Todas as franxas de idade analizadas coinciden na preferencia do castelán para ler prensa, ou ben sempre en castelán ou máis castelán ca galego en porcentaxes moi altas, que roldan o 80% en todos os casos. O mesmo sucede coa análise por nivel de estudos. Neste caso vemos como a formación educativa non inflúe en absoluto e, de novo, as cotas do uso do castelán son moi altas, arredor do 81% en calquera dos niveis formativos.

Persoas segundo a preferencia de idioma na lectura de libros

Esta inclinación pola lectura da prensa en idioma castelán esténdese ao ámbito da lectura de libros, tal e como vemos na seguinte táboa.

Persoas segundo a preferencia de idioma para ler libros, por provincias. Ano 2008

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Total Galicia	8,17	9,65	28,09	54,09
A Coruña	7,58	9,52	27,57	55,32
Lugo	13,34	9,26	24,18	53,22
Ourense	7,07	10,56	30,99	51,38
Pontevedra	7,34	9,62	29,15	53,89

Fonte:. Enquisa de condicións de vida das familias 2008

A lingua en que se fala habitualmente si que é unha variable de forte influencia na preferencia dos lectores para ler ou ben só en galego ou máis en galego ca castelán. Un 90,2% dos galegofalantes le libros ou ben sempre en galego ou máis en galego ca castelán, seguidos dos que falan máis galego ca castelán cun 79,8%. Chama a atención que tan só un 10,3% dos que falan máis castelán ca galego lean en castelán sempre, fronte ao 27,5% que o fai en galego sempre. A seguinte táboa ilustra este xiro idiomático.

Persoas segundo a preferencia de idioma para ler libros. Datos por lingua en que falan habitualmente. Ano 2008

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
En galego sempre	50,68	35,31	27,49	26,13
Máis galego ca castelán	39,89	44,47	30,93	19,9
Máis castelán ca galego	7,78	17,47	31,32	22,12
En castelán sempre	1,65	2,75	10,26	31,85
Total	100	100	100	100

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

A porcentaxe de persoas que len «sempre en castelán» supera o 50% en todas as provincias galegas sen distinción e do seguinte xeito: A Coruña cun 55,3%, Lugo cun 53,2%, Ourense cun 51,4% e Pontevedra cun 53,9%. Coinciden tamén no índice de lectura «en galego sempre», que se sitúa arredor do 7%, coa excepción de Lugo, que supera as outras tres provincias en máis de 6 puntos porcentuais (13,3%). Un dos datos que nos chama a atención é o que sucede en Ourense co ítem «máis castelán ca galego», que acada a porcentaxe máis alta sobre todas as provincias cun 31%, seguida de Pontevedra cun 29,2%, A Coruña cun 27,6% e Lugo cun 24,2%.

Se nos fixamos na idade dos lectores, observamos como esta inflúe na elección do idioma en que len os libros. A pesar de que, como explicabamos anteriormente, a predilección polo idioma castelán é abraiante, si que percibimos que canto máis novos son os lectores o índice de lectura sempre en galego ou máis en galego ca castelán é máis alto: un 22,7% entre os 5 e 14 anos e un 21,1% entre 15 e 29 anos, baixando de xeito gradual segundo aumenta a idade até chegar, por exemplo, ao 14,5% nos maiores de 65 anos.

Persoas segundo a preferencia de idioma para navegar pola internet

O castelán reina na rede en toda Galicia. O 83,1% dos usuarios da internet na comunidade autónoma utiliza este idioma, sen diferenciación provincial; con todo, cómpre sinalar que Lugo lidera novamente o uso do galego cun nivel porcentual dun 19,6%, mentres o resto das provincias non supera o 17%. Non hai sorpresas no que se refire ao sexo dos navegantes. Tal e como vén sucedendo na meirande parte dos ámbitos, as mulleres empregan menos o galego ca os homes (15,6% e 18%, respectivamente). Tampouco apreciamos datos salientables en relación coa variable «idade» dos internautas xa que todas as franxas de idade acadan cotas moi altas de uso do castelán, superando o 80%.

Curiosamente, o nivel de estudos tampouco afecta á clara preferencia dos navegantes da rede polo castelán. Todos coinciden. Deste xeito, analfabetos e alumnos de educación primaria e primeira etapa de educación secundaria ou equivalente, estudantes de segunda etapa de educación secundaria ou equivalente e os que cursan educación superior móvense entre cotas do 82% e 84% no emprego do castelán na rede.

O tamaño do municipio inflúe na preferencia do idioma para navegar pola internet. A variación porcentual que observamos entre os municipios de menos de 10 000 habitantes e os de máis de 50 000 habitantes no uso do idioma galego, tanto cando se trata de «sempre en galego» como de «máis galego ca castelán», é de máis de 10 puntos porcentuais (21,5% e 11,9%, respectivamente). Con todo, non hai que esquecer que o emprego do castelán é absolutamente maioritario en todos os concellos galegos, cunha oscilación que se move entre o 78,5% e o 88,1%, entre os municipios de menor a maior número de habitantes.

A lingua en que falan habitualmente as persoas que navegan pola internet si que ten influencia no uso desta na rede. Como podemos observar na táboa que mostramos a continuación, case o 90% dos galegofalantes usa este idioma ou ben sempre ou máis ca o castelán. Esta porcentaxe vai diminuindo progresivamente segundo a fala decrece (79,1% os que falan máis galego ca castelán, 52,3% os que falan máis castelán ca galego e un 36,6% para os castelanfalantes).

Persoas segundo a preferencia de idioma para navegar pola internet.
Datos por lingua en que falan habitualmente. Ano 2008

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
En galego sempre	51,6	32,0	22,3	19,1
Máis galego ca castelán	38,3	47,1	30,0	17,4
Máis castelán ca galego	8,1	18,6	36,9	27,4
En castelán sempre	2,0	2,3	10,7	36,0

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

Persoas segundo a preferencia de idioma para redactar mensaxes de móbil ou correos electrónicos

No estudo deste apartado constatamos a exclusión do uso do idioma galego da sociedade das novas tecnoloxías. Case o 80% das persoas que envían correos electrónicos ou utilizan o móbil para enviar mensaxes usa o castelán. Pontevedra, cun 82,5%, é a provincia coa taxa máis alta no emprego do castelán, seguida pola Coruña (78,8%) e moi de preto por Ourense cun 78,4%. En contraposición cos pontevedreses están os lucenses, que son os que menos usan o castelán, con 10 puntos porcentuais por debaixo dos primeiros. Aínda así, como vemos, a primacía do castelán é absoluta.

Do mesmo xeito que sucedía co emprego da internet, de novo no envío de mensaxes ou correos electrónicos a lingua en que o usuario escribe habitualmente si que é unha variable de influencia na elección do idioma, como podemos comprobar na seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas segundo a preferencia de idioma para redactar mensaxes de móbil ou correos electrónicos.
Datos por lingua en que escriben habitualmente. Ano 2008

	Galego	Castelán
En galego sempre	62,0	38,1
Máis galego ca castelán	41,4	58,6
Máis castelán ca galego	11,7	88,3
En castelán sempre	5,6	94,4
Total Galicia	16,5	83,5

Fonte: Enquisa de condicións de vida das familias 2008

V. CONCLUSIÓN

O presente informe insírese no ámbito de estudos de carácter sociolingüístico sobre a realidade galega. A achega principal deste traballo, malia ser modesta, céntrase en harmonizar no posible o que comeza a ser unha serie estatística sobre a situación do galego a partir de enquisas comparables, realizadas en 1992 (*Mapa sociolingüístico de Galicia*, realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega), 2003 e 2008 (módulo de coñecemento e uso do idioma galego, da Enquisa sobre condicións de vida das familias, do Instituto Galego de Estatística).

A comparanza entre estes tres estudos en que nos baseamos presenta, non obstante, certas limitacións. Por unha banda, o *Mapa sociolingüístico de Galicia* non segue a mesma metodoloxía das enquisas do Instituto Galego de Estatística: a eiva principal do primeiro consiste en que non inclúe os menores de 16 anos. Por outra banda, a enquisa de 2003 do IGE amosa uns resultados lixeiramente inconsistentes, algo que se confirma cos datos de 2008. Como puidemos comprobar ao longo deste informe, observamos unha evolución en «U» de moitos indicadores, como se a situación tendese a empeorar para a lingua dunha forma menos estable do que se puidese especular. Con isto non queremos afirmar que as enquisas teñan defectos metodolóxicos, pero si que os resultados deben tomarse con certa cautela e esperar os da próxima cala, que se producirá en 2013, no marco da ECVF. Unha vez dito isto podemos tirar unha serie de conclusións que non quedan invalidadas polo anterior.

Na actualidade as persoas que falan galego son máis da metade da poboación. Entre 1992 e 2008 os bilingües con predominio do galego e os galegofalantes monolingües descenderon algo menos dun 10%. A porcentaxe de monolingües en castelán dobrouse entre 1992 e 2003, e semella estabilizarse despois. Dende 1992 ata a actualidade os bilingües constitúen máis ou menos a metade da poboación. Unha análise da lingua habitual segundo a idade constata que existe un maior grao de castelanización canto menor é a idade do individuo, aínda que os datos amosan unha desaceleración no proceso de perda de falantes de galego.

Os nados entre 1973 e 1983, aproximadamente, son a xeración máis castelanizada da nosa historia e a dos que naceron entre 1968 e 1978 resulta ser a que en maior medida é monolingüe en castelán. Fronte a elas, os menores de 25 anos virían a recuperar o uso do galego e a reducir o nivel de monolingüismo en castelán pola vía do aumento do bilingüismo.

Os galegos que aprenderon galego ou as dúas linguas na familia son actualmente tres cuartas partes da poboación, practicamente os mesmos que había en 1992. Os datos indican unha tendencia decrecente do galego e do castelán como lingua materna única así como unha tendencia cara ao incremento dos que aprenden as dúas linguas na casa durante a infancia. A lingua inicial por idades amosa tamén unha contención na perda de falantes iniciais de galego e mesmo unha recuperación nalgúns tramos de idade. En principio, podemos apreciar que se produce un escenario de certa estabilidade dende os nados en 1975.

Hoxe en día son poucas as persoas que non entenden, non saben falar ou ler en galego. Aínda que é certo que os datos amosan unha pequena baixada en todas as destrezas con respecto a 2003, entre 1992 e 2008 prodúcese unha subida espectacular. No conxunto da poboación, as persoas que din que non saben expresarse en galego constitúen un escaso 3% da poboación. Canto á capacidade para lelo, o 17% da poboación di que entende pouco ou nada o galego escrito. A porcentaxe dos que declaraban ser incapaces de ler en galego ou lían con dificultade en 1992 era do 55%. A idade é un parámetro que amosa diferenzas importantes en relación coa competencia lectora, xa que esta aumenta significativamente conforme baixa a idade do falante. No tocante á

capacidade para escribir en galego, os datos entre 1992 e 2008 corroboran un aumento moi importante en todas as franxas de idade, principalmente entre os máis novos.

A escola semella desempeñar un papel determinante, non só na adquisición de competencias, senón tamén na citada desaceleración na perda de falantes. A perda da transmisión interxeracional segue estable e son cada vez menos os galegos que falan galego cos seus pais, desempeñando un papel determinante as variables de hábitat e estudos, como é ben sabido. Corrobora o anterior o descenso no uso do galego entre as parellas galegas, a pesar dunha pequena repunta entre as máis novas, o cal ten que tomarse como un dato esperanzador.

Resumindo todo isto, podemos afirmar que o proceso de substitución lingüística segue unha tendencia firme, a pesar de que melloran as competencias lingüísticas en galego e os bilingües constitúen a metade da poboación. De cara ao futuro, unha promoción do bilingüismo activo (sobre todo entre os castelanfalantes) e un clima favorable ao galego nas aulas poderían ser a principal chave para unha contención na perda do principal activo cultural de Galicia.

